

## NOMES DE PERSOA DE BERDOIAS (A CORUÑA), DE 1761 A 1860

Xosé M<sup>a</sup> Lema Suárez

IES “Antón Losada Diéguez”, A Estrada

Esta comunicación pretende facer unha cala nos nomes de persoa en uso na zona rural galega. Investiguei unha centuria (1761-1860) na parroquia de **San Pedro de Berdoias (concello de Vimianzo - A Coruña)**, freguesía situada na Terra de Soneira, na zona central da Costa da Morte. O traballo é continuación doutro anterior, xa publicado, no que estudiara os nomes da mesma parroquia no período 1607-1760 (Lema 1993: 117-134)<sup>1</sup>. Nun futuro próximo pretendo continuar co estudio desta comunidade rural cos corenta anos que restan do séc. XIX e con todo o séc. XX ata a actualidade.

Para a realización da investigación limíteime a consulta-los libros bautizados de Berdoias. Unha vez máis, agradezo ó párroco, Ramón Romero Carril, tódalas facilidades dadas para esta consulta.

Os datos que presento teñen uns obxectivos semellantes ós xa enunciados no traballo anterior, que podemos considerar como primeira parte do conxunto:

- 1º. Ter unha visión porcentual dos nomes dos bautizados, nenos e nenas, máis usados ó longo da segunda metade do séc. XVIII e da primeira do XIX.
- 2º. Establecer comparanzas porcentuais dos nomes máis usados nos séculos XVII, XVIII e os sesenta primeiros anos do XIX.
- 3º. Observar se se introducen nomes exóticos (ou, pola contra, se é que máis ben se tende a mante-la onomástica tradicional da zona). Causas.
- 4º. Os nomes compostos. Ver se se vai xeneralizando o uso de dous ou máis nomes –iniciado no séc. XVIII–, e cales son as combinacións máis usadas para home e muller. Influencia dos padriños e dos pais.
- 5º. Determinar de quen toma o nome o bautizado: do pai ou da nai, do padriño ou da madriña, do crego oficiante, do santo patrón da parroquia, do santo do día, etc.

<sup>1</sup> Este traballo tivera como base unha comunicación que, co título “Les prénoms de personne d’une paroisse rurale galicienne: Berdoias (1607-1760)”, foi presentada no XVIII Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (18. *Internationaler Kongree für Namenforschung*), convocado polo International Committee of Onomastic Sciences (ICOS), que tivo lugar en Tréveris (Alemania) os días 12-17 de abril de 1993.

6°. Nomes e clases sociais: comprobar se a diferenza de clases –entre a fidalguía e o campeñado– determina o uso ou a introdución de certos nomes. Observar, así mesmo, se os fillos de nai solteira e de pai descoñecido (*pai incógnito*: p.i.) reciben alguén tipo de discriminación á hora da imposición do nome.

7°. O grao de castellanización dalgúns nomes diferenciais co castelán: ¿consumouse definitivamente a castellanización bastante avanzada que se observaba xa a principios do séc. XVII? ¿Persisten aínda algunhas galegas diferenciais?

8°. Outras particularidades (a castellanización dalgúns apelidos, por exemplo).

No presente estudo investiguei un total de 1116 partidas, das que 579 foron de homes e 536 de mulleres (máis unha na que, por esta-lo folio en mal estado, non se puido verifica-lo nome do bautizado, nin a qué sexo pertencía). Chama a atención que haxa tanta diferenza entre o número de homes e mulleres (43 homes máis) cando no período que estudiara anteriormente (1607-1760) había exactamente o mesmo número para cada sexo (452 homes e 452 mulleres). Pensando na posible descendencia futura destes nados, cómpre engadir que as cifras de homes/mulleres quedan un pouco máis equilibradas coa alta porcentaxe de mortalidade infantil, máis alta nos nenos ca nas nenas: neste período morreron na infancia 143 nenos e 108 nenas.

Comparando cifras, non cabe dúbida de que a natalidade aumentou nestes cen anos que estudiamos con respecto ós case 150 anos anteriores. Xa se apreciara desde principios do séc. XVIII este aumento de poboación nesta parroquia: isto coincide cos datos xerais da historia demográfica galega, feito que os historiadores atribúen á mellora na alimentación, pero tamén é certo que agora xa decididamente os cregos toman máis en serio as anotacións dos bautizados nos libros, engadindo aínda máis datos por orde dos visitantes pastorais. Sen embargo, lembremos que a aparente centuria do séc. XVII (1607-1699) queda, en realidade, reducida a uns 63 anos, pois o libro primeiro de bautizados de Berdoias (o de 1607-1746), bastante estragado, non recolleu ó completo tódolos datos dos nados/as deste século: quedaron sen rexistrar os dez anos que van de 1618 e os case vinte de 1673 a 1692 (Lema 1993: 118). Por outra parte, ó estaren aínda os cregos pouco afeitos, dá a impresión de que non se rexistran neste libro tódolos bautismos.

## 1. OS NOMES MÁIS FRECUENTES (PERÍODO 1761-1860)

Cadro 1: *Os nomes masculinos máis frecuentes (1761-1860)*<sup>2</sup>

nome	1761-1860 (99 anos) 579 nenos		1761-1799 (38 anos) 242 nenos		1800-1860 (60 anos) 337 nenos	
	total	(porcentaxe)	total	(porcentaxe)	total	(porcentaxe)
1. Joseph/ Josef/ José	83	(14,33%)	25	(10,33%)	58	(17,2%)
2. Manuel	64	(11%)	17	(7%)	47	(13,94%)

<sup>2</sup> Para esta relación só se tiveron en conta os nomes únicos e os primeiros nomes (no caso dos compostos).

3. Andrés	51	(8,8%)	22	(9%)	29	(8,6%)
4. Juan	38	(6,5%)	27	(11,15%)	11	(3,26%)
5. Francisco	33	(5,69%)	13	(5,37%)	20	(5,93%)
6. Domingo	29	(5%)	15	(6%)	14	(4,15%)
7. Pedro	23	(3,97%)	9	(3,71%)	14	(4,15%)
8. Vicente	23	(3,97%)	9	(3,71%)	14	(4,15%)
9. Ramón	21	(3,62%)	8	(3,3%)	13	(3,85%)
10. Pablo	20	(3,45%)	11	(4,5%)	9	(2,67%)
11. Benito	18	(3,1%)	5	(2%)	13	(3,85%)
12. Simón	17	(2,93%)	2	(0,82%)	15	(4,45%)
13. Ángel	16	(2,76%)	8	(3,3%)	8	(2,37%)
14. Miguel	15	(2,6%)	7	(2,89%)	8	(2,37%)
15. Antonio	13	(2,24%)	4	(1,65%)	9	(2,67%)
16. Gregorio	12	(2%)	5	(2%)	7	(2%)
17. Joaquín/ Joachin	11	(1,89%)	1	(0,41%)	10	(2,96%)
18. Bernardo	9	(1,55%)	4	(1,65%)	5	(1,48%)
19. Silbestre	8	(1,38%)	3	(1,23%)	5	(1,48%)
20. Mathías	8		6		2	
21. Thomás	6		5		1	
22. Rafael	5		1		4	
23. Felipe	4		4		0	
24. Jacobo	4		1		3	
25. Salvador	4		1		3	
26. Agustín	3		0		3	
27. Caetano/ Cayetano	3		3		0	
28. Ignacio	3		3		0	
29. Luis	3		1		2	
30. Roque	3		2		1	
31. Ventura	2		1		1	
32. Bernabé	2		1		1	
33. Carlos	2		1		1	
34. Frutuoso	2		2		0	
35. Luciano	2		0		2	
36. Alberto	1		1		0	
37. Alejos	1		1		0	
38. Ambrosio	1		1		0	
39. Baltasar	1		0		1	
40. Blas	1		1		0	
41. Cornelio	1		0		1	
42. Christobal/ Christoval	1		0		1	
43. Diego	1		1		0	
44. Eusebio	1		0		1	
45. Fernando	1		0		1	
46. Gabriel	1		0		1	
47. Jacinto	1		0		1	
48. Marcos	1		0		1	
49. Martín	1		0		1	
50. Santiago	1		1		0	
51. Sebastián	1		0		1	
52. Theodoro	1		0		1	
53. Valentín	1		1		0	
54. Victorio	1		0		1	
55. Xorge	1		0		1	

Un total de 55 nomes diferentes para os primeiros nomes dos homes (no caso dos nomes compostos). Como segundos nomes tamén se coñecen algúns máis como *Clemente*, *Eugenio*, *Fidel*, *Florencio*, *Hilario*, *Inocencio*, *Mauricio*, *Modesto*, *Pasqual/Pascoal*, *Saturnino*. Con estes acadámo-la cifra de 65 nomes diferentes (no período anterior había 87; polo tanto, o elenco vese reducido notoriamente).

### 1.1. Os nomes máis habituais dos homes: algunhas observacións

No período que agora estudiamos, no cadro dos homes (cadro 1) dun total de 579 bautizados, pódese observar un total de 55 nomes diferentes (para os primeiros nomes, no caso dos compostos; a cifra ascende a 65 tendo en conta ós segundos). No período que estudiara anteriormente (1607-1760) había 74 primeiros nomes masculinos diferentes, e un total de 85 contabilizando tamén os segundos e terceiros (Lema 1993: 118-121).

Facendo comparanza entre este período e o anterior, vemos que agora o nome de maior uso xa é **José** (sobre un 14% do total dos masculinos), que desbancou do primeiro lugar a **Juan**, que pasa xa a un discreto cuarto lugar (do 20% do período anterior a un 6,5% de agora). En troques, *José* ascende meteoricamente desde o sétimo posto do período anterior, onde contaba con tan só un 3,76% do total.

O ascenso de *José* está en consonancia co aumento da devoción a este santo, que, segundo D. González Lopo (citado por Saavedra 1991: 42), ten como punto de partida a segunda metade do séc. XVII.

A simplificación da súa grafía vaise apreciando a medida que entramos no séc. XIX, pois durante os tres primeiros tercios do séc. XVIII os escribáns berdoieses mantiveron a forma máis etimolóxica *Joseph*; despois, aproximadamente entre 1770 e 1820, grafouse *Josef*, para xa xeneralizarse decididamente *José* a partir da terceira década do séc. XIX.

*José* é un dos nomes que máis acompañamento leva dun segundo, pois rexistramos “combinacións” moi variadas, polo menos nunha ocasión: *José Carlos*, *José Domingo*, *José Fidel*, *José Juan*, *Joseph Ramón* e *José Ramón*, *José Rafael*, *José Saturnino*, *José Silbestre*, *José Simón*, *José Vicente*, *José Andrés*, *Josef Benito*, *Josef Clemente*, *Josef Francisco*, *Josef Pablo*, *José Manuel* (dúas veces), *Josef Florencio* (dúas veces). A combinación con Antonio –outro nome en alza– aparece en seis ocasións (2 veces *Joseph Antonio* e 4 *Josef Antonio*), pero a combinación de maior éxito foi a de *José María*, nome composto que levaron 10 bautizados; aínda que hai un *Josef María* nado en 1786, pódese dicir que o primeiro que na parroquia levou este nome composto e que, a partir del, se empezou a usar habitualmente, foi *José María Pérez* no ano 1837, fillo de *Juana Pérez*, moza solteira; así e todo, a forma combinatoria do nome teríamos que atribuírllela ó padriño e a madriña, pois estes chamábanse *José* e *María*<sup>3</sup>. No ano seguinte, tres nenos máis recibirían o mesmo nome<sup>4</sup>.

<sup>3</sup> Libro Terceiro de Bautizados de Berdoias 1819-1855, fol. 58, a°.

<sup>4</sup> Non deixa de ser curioso que o nome composto do párroco *Josef María Suárez Rioboo*, que rexeu a parroquia durante máis de cincuenta anos (polo menos de 1780 a 1837) non influíra para nada na imposición desta forma combinada na súa freguesía: só un neno –xa citado, o de 1786– foi bautizado por el con este nome.

O segundo posto na nosa listaxe pasa a ser agora para **Manuel** (11% do total), outro nome en alza xa desde finais do séc. XVIII (ascende desde o noveno posto e tan só o 1,76% do período anterior). Este nome tamén admite variados compañeiros de segundos nomes: *Agustín, Andrés, Ángel, Bartolomé, Domingo, Joaquín, Luís, Modesto, Ramón, Antonio* (en tres ocasións), *José* e *Simón* (en tres ocasións) e *Benito* catro veces). Como nos restantes casos, estas variantes combinatorias son na súa maior parte produto da xuntanza dos nomes do padriño e da madriña (p.ex.: os padriños dun *Manuel Benito* de 1794 eran *Benito Regueira* e *Manuela do Canto*, e os doutro de 1818 chamábanse *Manuel de Leis* e *Benita Gonzales*). Con todo, tamén hai combinacións co nome do padriño ou da madriña co do pai ou da nai e mesmo co do crego oficiante, que debía ter certo interese en populariza-lo seu nome (os padriños dun *Manuel Simón* de 1836 eran *Manuel Canosa* e *Manuela Alborés*, pero o presbítero que oficiou a cerimonia bautismal chamábase *Simón Manuel de Leis*: xa veremos no apartado correspondente como case tódolos *Simón* destes anos foron bautizados por el).

**Andrés** (con case un 9% do total) ocupa o terceiro lugar da clasificación deste período, manténdose no mesmo lugar e máis ou menos coa mesma porcentaxe do período anterior. Tamén admite como acompañantes de segundos unha variada gama onomástica, semellante á dos anteriores.

Como xa adiantamos, **Juan** pasou do primeiro ó cuarto posto, con tan só un 6,5% do total. O quinto posto é para **Francisco**, que avanza un posto con relación ó período anterior e acrecenta lixeiramente a súa porcentaxe (dun 5,3% a un 5,69%). O sexto lugar ocúpao **Domingo**, un nome que progresivamente vai perdendo uso a medida que avanzamos no séc. XVIII; lembremos que no período anterior gozaba dun segundo posto, quizais pola influencia dos frades dominicanos e das súas misións, moi activas durante os séculos XVII e XVIII, orientadas a propaga-lo rezo do rosario en familia: a devoción á Virxe do Rosario incrementábase notoriamente nestas dúas centurias. Unha tradición atribuíralle, equivocadamente, a invención do rosario a san Domingos de Guzmán (Ferro Ruibal 1992: 231). Agora pasa dun 10% de uso á metade, xustamente.

A continuación ven **Pedro**, que baixa bastante con relación ó período anterior (do 4º posto e un 7,3% de porcentaxe, ó 7º e a penas un 4%). Lembremos que san Pedro é o patrón da parroquia, pero a imposición deste nome nos bautizados débese na súa maior parte ó padriño correspondente (dun total de 23 bautizados tiveron un padriño chamado *Pedro*); polo tanto, tamén aquí debeu ser escasa a influencia do patrón parroquial á hora de escoller nome para os cativos, cousa que coincide con outras calas realizadas noutros lugares de Galicia (Saavedra 1991: 42).

Os nomes que veñen a continuación –**Vicente** (8º), **Ramón** (9º), **Pablo** (10º), **Benito** (11º) e **Simón** (12º)– pasan de a penas seren utilizados no período anterior a írense situando nos primeiros postos. Despois, **Ángel** (13º) e **Miguel** (14º) seguen estando pola zona media. **Antonio** (15º) é outro dos que sofren un notable descenso (antes estaba no 5º lugar). Os restantes nomes masculinos a penas teñen incidencia na onomástica berdoies, agás **Gregorio, Joaquín, Bernardo, Silvestre, Mathías** ou **Thomás**.

Cadro 2: Os nomes femininos máis frecuentes (1761-1860)<sup>5</sup>

nome	1761-1860 (99 anos)		1761-1799 (38 anos)		1800-1860 (60 anos)	
	536 nenas total (porcentaxe)		188 nenas total (porcentaxe)		348 nenas total (porcentaxe)	
1. María	169	(31,52%)	66	(35%)	103	(30%)
2. Josefá.	64	(12%)	14	(7,44%)	50	(14,36%)
3. Manuela.	47	(8,76%)	10	(5,3%)	37	(10,63%)
4. Andrea.	35	(6,5%)	8	(4,25%)	27	(7,75%)
5. Juana.	32	(6%)	16	(8,5%)	16	(4,6%)
6. Benita.	26	(4,85%)	12	(6,4%)	14	(4%)
7. Francisca	19	(3,5%)	9	(4,8%)	10	(2,87%)
8. Rosa	17	(3,17%)	4	(2%)	13	(3,7%)
9. Dominga	12	(2,2%)	5	(2,65%)	7	(2%)
10. Vicenta/ Vizenta	12	(2,2%)	4	(2%)	8	(2,3%)
11. Thomasa	8	(1,5%)	3	(1,6%)		
12. Antonia	7	(1,3%)	4	(2%)	3	(0,9%)
13. Bernarda.	6		1		5	
14. Juliana.	6		4		2	
15. Joaquina	5		0		5	
16. Elena.	4		1		3	
17. Ramona	4		0		4	
18. Teresa	4		1		3	
19. Ana María	3		3		0	
20. Angela	3		1		2	
21. Leocadia	3		1		2	
22. Rafaela	3		0		3	
23. Bárbara	2		1		1	
24. Carmela	2		0		2	
25. Christina	2		2		0	
26. Escolástica	2		2		0	
27. Felipa	2		2		0	
28. Florencia	2		2		0	
29. Isabel/ Isavel	2		0		2	
30. Lorenza	2		1		1	
31. Micaela	2		0		2	
32. Pascua/ Pasqua	2		1		1	
33. Paula	2		2		0	
34. Salbadora	2		1		1	
35. Agustina	1		0		1	
36. Alonsa	1		1		0	
37. Athanasia	1		1		0	
38. Cándida	1		1		0	
39. Cecilia	1		1		0	
40. Conceición	1		0		1	
41. Dolores	1		0		1	
42. Fabiana	1		1		0	
43. Florentina	1		0		1	
44. Gabriela	1		0		1	

<sup>5</sup> Como no caso dos masculinos, só se tiveron en conta os nomes únicos e os primeiros nomes.

45. Genubeba	1	0	1
46. Gerónima	1	0	1
47. Gregoria	1	0	1
48. Ignacia	1	1	0
49. Inés	1	1	0
50. Inocencia	1	0	1
51. Justa	1	1	0
52. Luisa	1	0	1
53. Matilda	1	0	1
54. Nicolasa	1	0	1
55. Perfecta	1	0	1
56. Rosaria	1	0	1
57. Sebastiana	1	0	1
58. Silbestra	1	0	1

Un total de 58 nomes diferentes para os primeiros nomes (no caso dos compostos). Como segundos ou terceiros tamén se coñecen os seguintes nomes femininos: *Agatha*, *Dorothea*, *Eladia*, *Eusebia*, *Getrudis* [sic], *Socorro*, *Viutoria* [sic]. Con estes, o elenco de nomes diferentes femininos elévase a 65, cifra moi semellante á do período anterior (69).

## 1.2. Os nomes máis habituais das mulleres: algunhas observacións

No tocante ós nomes das mulleres (cadro 2), unha vez máis **María** segue ocupando con moita diferenza o primeiro posto (169 bautizadas dun total de 536: o 31,52% do total, porcentaxe case coincidente coa observada no período anterior). A presenza do nome da nai de Cristo é aínda maior se temos en conta que entra frecuentemente como segundo nome, tanto para mulleres como para homes (lémbrese o ímpeto dos *José María* a partir do segundo tercio do XIX).

En segundo termo, e a unha distancia moi considerable, sitúase **Josefa** (64 nenas, 12% do total), que despraza ó modesto 9º lugar a **Dominga** (2,2%). *Josefa* e *José* están nestes momentos nunha relación inversamente proporcional a *Dominga* e *Domingo*, pois os dous primeiros van ascendendo no uso na medida en que os segundos entran en decadencia: quizais os frades dominicanos non puxeran tanto interese en espallalos unha vez que os obxectivos marcados xa estaban cumpridos, co asentamento practicamente definitivo do costume do rezo do rosario entre os fieis.

Como acontecía coa forma masculina, **Manuela** é un nome en continuo ascenso xa desde finais do séc. XVIII; pasa do lugar 24º da listaxe do noso traballo anterior (só tres bautizadas con este nome en preto de 150 anos) ó terceiro (47 bautizadas, cunha porcentaxe do 8,76%), desbancando do mesmo a **Andrea** (agora no 4º lugar), un nome que non sufriu o paso do tempo e que se mantivo nos niveis máis altos de uso ó longo de todo o séc. XVIII e nos primeiros sesenta anos do XIX; mesmo incrementou a súa porcentaxe (dun 5,53% pasou a un 6,34%).

Tamén **Juana** e **Francisca** seguen estando “de moda”, manténdose nos postos altos (5º e 7º postos, e cun 6% e un 3,5% de porcentaxe, respectivamente). **Benita** (posto 6º), **Rosa** (8º) e **Vizenta** (10º) reciben un forte impulso neste período, pois no anterior ocupaban posicións moi baixas. **Antonia** (12º) e **Ana** (19º) sufriron importantes baixas, pois no período

anterior ocupaban, respectivamente, os postos 5º e 9º. Por outra banda, no incremento do uso de nomes ata agora pouco habituais como **Thomasa**, **Bernarda**, **Juliana** ou **Joaquina**, teñen moito que ver no asunto os nomes dos padriños ou das madriñas, e mesmo o do crego oficiante da cerimonia bautismal.

## 2. COMPARACIÓNS PORCENTUAIS POR SÉCULOS (XVII, XVIII E XIX)

Unha vez analizados os cambios observados dun a outro período, presentamos a continuación uns cadros comparativos por séculos, que sen dúbida nos van dar unha visión máis diáfana dos cambios onomásticos rexistrados nesta parroquia rural.

Cadro 3: *Relación comparada por séculos (XVII, XVIII e 1ª met. do XIX) dos nomes dos bautizados de Berdoias: homes*<sup>6</sup>

séc. XVII 1607-1699 (63 anos) <sup>7</sup> 161 nenos		séc. XVIII 1700-1799 (99 anos) 533 nenos		séc. XIX 1800-1860 (60 anos) 337 nenos	
nome	total (porc.)	nome	total (porc.)	nome	total (porc.)
1. Juan/ Joan	36 (22,36%)	1. Juan	81 (15,2%)	1. José	58 (17,2%)
2. Domingo/-s	20 (12,42%)	2. Andrés	46 (8,6%)	2. Manuel	47 (14%)
3. Andrés	13 (8%)	3. Joseph	40 (7,5%)	3. Andrés	29 (8,6%)
4. Alonso, Pedro	11 (6,83%)	4. Domingo	39 (7,3%)	4. Francisco	20 (5,93%)
5. Francisco	10 (6,2%)	5. Pedro	31 (5,8%)	5. Simón	15 (4,45%)
6. Antonio	9 (5,6%)	6. Francisco	27 (5%)	6. Domingo, Pedro, Vicente	14 (4,15%)
7. Alberte/-o	5 (3%)	7. Manuel	26 (4,9%)	7. Benito, Ramón	13 (3,85%)
8. Bartolomé	4 (2,5%)	8. Antonio	20 (3,75%)	8. Juan	11 (3,26%)
9. Anxel/-g-, Martín	3 (1,9%)	9. Angel, Pablo	13 (2,4%)	9. Joaquín	10 (2,96%)
10. Bernabé, Luis, Simón	2	10. Ignacio, Miguel, Vicente	11	10. Antonio, Pablo	9
11. Benito, Bentura, Ciprián, Clemente, Christobo, Gregorio, Guillermo/-e, Ignacio, Isidoro, Lorenzo, Mathías, Miguel, Paulo, Phelipe, Roque, Rosendo, Sancho, Thimoteo, Thomás, Vicente	1	11. Mathías	10	11. Ángel	8

<sup>6</sup> Unicamente se tiveron en conta, para esta relación, os primeiros nomes (no caso dos nomes compostos). Respéctase a ortografía orixinal.

<sup>7</sup> Xa advertín que o primeiro dos libros de bautizados de Berdoias (o de 1607-1746) non recolle na súa totalidade as partidas dos nados/as do séc. XVII, quedando sen rexistra-los dez anos que van de 1618 a 1628 e mailos case vinte de 1673 a 1692.



(34 nomes diferentes)	12. Thomás	9	12. Gregorio	7
	13. Benito, Ramón Gregorio,	8	13. Bernardo, Silbestre	5
	14. Luís	6	14. Rafael	4
	15. Bernardo, Simón	5	15. Agustín, Jacobo, Salvador	3
	16. Caetano, Jacobo, Julián, Lorenzo, Silbestre	4	16. Luciano, Luís, Mathías	2
	17. Alberto, Carlos, Frutuoso, Rafael, Salvador	3	17. Balthasar, Bentura Vernabé, Carlos, Cornelio, Christóbal, Eusebio, Fernando, Gabriel, Jacinto, Marcos, Martín, Roque, Sebastián, Theodoro, Tomás, Victorio, Xorge (46 nomes diferentes)	1
	18. Agustín, Alejos, Ambrosio, Bacilio, Bartolomé, Blas, Christobal/-v-, Diego, Fernando, Gabriel, Joaquín, Lucas, Raimundo	2		
	19. Alonso, Adriano, Bentura, Bernabé, Bonaventura, Mauro, Marcos, Martín, Guillelmo, Julián, Lorenzo, Estebo, Félix, Florencio, Jacinto, Matheo, Melchor, Nicolás, Paulino, Plácido, Patricio, Quirino, Rodrigo, Balthasar, Santiago, Theodoro, Thimoteo, Valentín, Xorge (74 nomes diferentes)	1		

*No que respecta á onomástica masculina* (cadro 3), observamos que en Berdoias **Juan** se mantivo no primeiro lugar durante os séculos XVII e XVIII, para quedar relegado, nos sesenta primeiros anos do séc. XIX, ó oitavo lugar (a porcentaxe baixou dun 22,36% no primeiro dos séculos citados, a un 15% no segundo e a un 3,26% no terceiro).

**Domingo** ocupa o segundo lugar no XVII (12,42%; neste século aínda subsistía nas partidas a forma galega **Domingos**), para ir baixando un pouco ó cuarto posto no XVIII (7,3%) e un pouco máis no XIX (ó 6º, co 4%).

**Andrés** mantense cunhas porcentaxes practicamente idénticas –superiores ó 8 por cento– ó longo das tres centurias, e sen baixar do terceiro lugar.

**Alonso**, que ocupaba o 4º posto no XVII, desaparece por completo nos séculos seguintes. Hai que ter en conta a presenza, a principios do Seiscentos, da familia fidalga dos Alonso de Lema II, que impuxo o seu nome a dous fillos e figura de padriño nalgúns bautismos parroquiais da época (Lema 1993: 131).

**Pedro e Francisco**, en troques, seguen a estar “de moda” ó longo destes 250 anos sen a penas variaren nos seus postos (ambos entre o 4º e o 6º) nin de porcentaxes.

**Alberto** –que no XVII aínda mantiña viva a variante *Alberte* (forma galega máis diferencial)– vai descender do 7º posto, en que se atopaba na primeira das centurias, ata desaparecer por completo da onomástica berdoiesa no séc. XIX.

**Ángel** é outro dos nomes que van mantendo o tipo en Berdoias ó longo dos anos, en torno ós dez primeiros postos, aínda que con porcentaxes moi modestas.

**Joseph**, nome que non contaba para nada na onomástica do séc. XVII berdoiesa, vai entrar con forza no Século das Luces, onde axiña vai ocupa-lo terceiro lugar cunha porcentaxe importante; o seu ascenso é imparabile –en consonancia co aumento progresivo da devoción a este santo iniciada xa no séc. XVII– e no séc. XIX vai pasar decididamente ó primeiro posto, cunha porcentaxe do 17% do total dos nenos nados na freguesía no período 1800-1860.

Unha evolución moi semellante é a de **Manuel**, inexistente en Berdoias no Mil Seiscentos, pero que xa no séc. XVIII ocupa o sétimo lugar con case un 5% dos bautizados homes; na centuria decimonona ascende decididamente ó segundo lugar (14% de porcentaxe), a escasa distancia do primeiro posto e a bastante distancia do terceiro.

Comparando estes datos con outros estudos en curso doutros investigadores, temos que dicir que os oito nomes de home máis frecuentes entre os berdoieses do séc. XVIII cadran abondo cos xerais de Galicia: tanto no mundo rural dezaoitesco galego coma no urbano os nomes máis correntes de home eran, por esta orde, Xoán, Antón, Domingos, Francisco, Xosé, Pedro, Andrés e Manuel, que se impoñían ós dous tercios dos bautizados (Saavedra 1991-IV: 42). Aínda que non hai coincidencia exacta nos postos –agás Xoán–, tamén na nosa parroquia da Costa da Morte estes eran os oito nomes que levaron 310 varóns berdoieses dos 533 que naceron no chamado Século das Luces, o que supón case o 60% dos bautizados.

No séc. XIX, en Berdoias mantéñense dentro dos oito primeiros postos, *José, Manuel, Andrés, Francisco, Domingo, Pedro* e, a duras penas, *Juan*. *Antonio* vai quedando descolgado. O máis notorio vai ser agora a destacada 5ª praza que acada **Simón** (con case un 5% dos bautizados), cando nos séculos anteriores era practicamente inexistente na onomástica parroquial; tal ascenso foi debido, sen dúbida, ó máis que posible labor propagandístico ou

proselitista –e quen sabe se coercitivo tamén– dun presbítero con este nome de pía, oficiante de moitos bautismos entre 1825 e 1850, período no que naceron practicamente tódolos nenos de Berdoias con este nome.

Polo que respecta á variedade de nomes desta freguesía soneirá, salta á vista que o séc. XVIII é o máis prolífico en canto á onomástica masculina –tamén o será na feminina, como veremos de contado–, pois dunha relación de 34 nomes diferentes no séc. XVII, pasamos a contar con máis do dobre no séc. XVIII (74 nomes diferentes), descendo notoriamente no XIX a 46. A variedade de nomes deste século tamén parece ser alta en Galicia en xeral: a mediados do mesmo en Santiago documéntanse 116 nomes para 3150 cabezas de casa (Saavedra; *ibidem*).

Finalmente, tamén se pode observar que as xa escasas formas galegas diferenciais dalgúns nomes –coma **Joan, Domingos, Alberte, Christobo, Guillelmo e Guillelme, Paulo**– que no séc. XVII aínda resistían á invasión das alleas castelás, xa desapareceron por completo no séc. XVIII. Unicamente queda por aí un “despistado” **Caetano** que mesmo vai resistir medio camuflado pola aparencia castelá do seu sufixo *-ano* –a forma popular galega da zona seguramente habería de ser *Caitán* ou *Quietán*– deica o XIX.

Cadro 4: *Relación comparada por séculos (XVII, XVIII e 1ª met. do XIX) dos nomes dos bautizados de Berdoias: mulleres*<sup>8</sup>

séc. XVII		séc. XVIII		séc. XIX	
1607-1699 (63 anos)		1700-1799 (99 anos)		1800-1860 (60 anos)	
139 nenas		639 nenas		348 nenas	
nome	total (porc.)	nome	total (porc.)	nome	total (porc.)
1. María	46 (33%)	1. María	166 (26%)	1. María	103 (30%)
2. Dominga	27 (19,42%)	2. Juana	34 (5,32%)	2. Josefa	50 (14,36%)
3. Catharina /Cathalina	16 (11,6%)	3. Dominga	31 (4,84%)	3. Manuela	37 (10,63%)
4. Andrea/ Andresa	6 (4,3%)	4. Andrea	27 (4,2%)	4. Andrea	27 (7,75%)
5. Francisca	5 (3,5%)	5. Josefa	26 (4%)	5. Juana	16 (4,6%)
6. Alberta, Christina, Mariña/-n	4 (2,9%)	6. Francisca	23 (3,6%)	6. Benita	14 (4%)
7. Antonia	3 (2,15%)	7. Antonia	21 (3,3%)	7. Rosa	13 (3,7%)
8. Jacinta/ X- Josepha/-f- Lorenza/-s/-ç- Lucía, Tareçia/ Teresa	2	8. Benita	20 (3,12%)	8. Francisca	10 (2,9%)
9. Ádega, Angela, Basilia, Benita, Egidia, Isabel, Juana, Locaia/ Leocadia, Margarida, Michaela, Paula	1	9. Ana	16 (2,5%)	9. Vicenta	8 (2,3%)

<sup>8</sup> Como no caso dos nomes dos homes, só se tiveron en conta os primeiros nomes nesta relación (no caso dos nomes compostos); respéctase a ortografía orixinal.

(25 nomes diferentes)	10. Manuela	13 (2%)	10. Dominga	7 (2%)
	11. Christina, Rosa	8	11. Bernarda, Joaquina, Thomasa	5
	12. Angela	7	12. Ramona	4
	13. Vizenta	6	13. Antonia, Elena, Rafaela, Teresa	3
	14. Ignacia	5	14. Ángela, Carmela, Isabel, Juliana, Leocadia, Micaela	2
	15. Alberta, Juliana, Pasqua/-c-, Thomasa	4	15. Agustina, Bárbara, Conceición, Dolores, Florentina, Gabriela, Genubeba, Gerónima, Gregoria, Inocencia, Lorenza, Luisa, Matilda, Nicolasa, Pascua, Perfecta, Rosaria, Salvadora, Sebastiana, Silbestra	1
	16. Isabel, Leocadia, Lorenza, Paula	3	(44 nomes diferentes)	
	17. Alonsa, Anathasia, Balthasara, Bárbara, Bernarda, Escolástica, Filipa, Florencia, Gabriela, Jacinta, Lucía, Micaela, Sebastiana, Vizenta	2		
	18. Agatha, Agustina, Athanasia, Bárbara, Caietana, Cándida, Cecilia, Cípriana, Clara, Crescencia, Cristoba, Elena, Fabiana, Florentina, Inés, Jacoba, Justa, Juxtina, Mariana, Raphaela, Rosalía, Rufina, Salvadora, Teresa	1		
	(62 nomes diferentes)			

No relativo á *onomástica feminina* de Berdoias de 1607 a 1860 (cadro 4), salta á vista o decidido predominio de **María** ó longo de todo o longo período de máis de 250 anos que levamos estudiado, cunhas porcentaxes moi semellantes nos tres séculos (33% no séc. XVII,

26% no XVIII e 30% nos primeiros sesenta anos do XIX) e a considerable distancia dos nomes que ocupan as restantes prazas, inclusive a segunda.

**Dominga** é quen ocupa o segundo lugar no séc. XVII (case un 20% das bautizadas), pero vai baixar ó terceiro no XVIII (escasamente un 5% das bautizadas) e ó 10º no XIX (só un 2%).

Paradoxalmente, **Juana** —ó contrario ca *Juan*— a penas existía na onomástica parroquiana do XVII, pero vai ascender meteoricamente ó segundo posto no XVIII (e, aínda así, coa modesta porcentaxe de pouco máis do 5 por cento), para baixar ó quinto lugar no XVIII (pero a penas de porcentaxe: un 4,6%).

A **Catharina** do séc. XVII —que axiña a van ir castelanizando progresivamente os escribáns e cregos: pasará a *Cataliña* e *Catalina*—, no 3º posto neste século (e case o 12% das bautizadas de Berdoias) desaparecerá por completo da relación onomástica desta parroquia nos séculos seguintes.

**Andrea** vai ser dona e señora da cuarta praza, cunhas porcentaxes en torno ó 4 por cento nos dous primeiros séculos, que subirán ó 7,5% no XIX. Temos noticia de que este, afortunadamente, está agora bastante de moda na Galicia actual, e está ben que estea, pois está dentro da tradición secular da onomástica galega. Convén salientar que durante o séc. XVII e boa parte do XVIII alternaba coa variante *Andresa*, que practicamente acabaría por desaparecer antes da entrada no século seguinte. ¿Cuestión de estética? Sen dúbida ningunha: a ben seguro que lles soaba máis “fino” ó oído Andrea que Andresa.

**Francisca** tamén se mantén dentro dos primeiros lugares desta freguesía rural —¡sempre houbo *Farrucas* en calquera das nosas parroquias!—, con porcentaxes semellantes (en torno ó 3%). O mesmo se pode dicir das **Antonias**.

As **Alberta**, **Christina** e **Mariña/Marina** que ocupaban a sexta praza no séc. XVII desapareceron por completo da listaxe nos séculos seguintes.

Como acontecía coas súas formas masculinas, **Josefa** e **Manuela** —practicamente inexistentes no séc. XVII—, entran con forza no XVIII e acadan xa na primeira metade do XIX os postos 2º e 3º, respectivamente (cunha porcentaxe do 14,36% a primeira e do 10,63% a segunda).

Na Galicia do séc. XVIII tamén o nome de *María* era o de maior uso, pois levábano un 35-55% das nenas bautizadas (en Berdoias a porcentaxe baixa notoriamente destas cifras), vindo a continuación *Ana*, *Antonia*, *Rosa*, *Xoana* e *Catarina* (Saavedra; *ibidem*). Como se pode ver, neste caso non hai moita coincidencia cos datos berdoieses.

No tocante á variedade de nomes, tamén o séc. XVIII é o máis prolífico en Berdoias (62 nomes diferentes). No XVII o número era máis baixo (25 nomes, cifra semellante á dos homes), e nos anos que levamos investigados no XIX xa había 44 nomes diferentes (cifra case coincidente coa dos homes).

Finalmente, cómpre salientar, así mesmo, a desaparición das formas diferenciais galegas dalgúns nomes femininos, aínda vixentes no XVII, tales como **Catharina** ou **Catarina** —chegouse a pasar a un híbrido que aínda persiste hoxe na toponimia galega, *Cataliña*—, **Mariña**, **Ádega**, **Locaia**, **Margarida**, **Tareçia**, etc.

### 3. OS NOMES POUCO HABITUAIS E ¿EXÓTICOS?

No período 1761-1860, a pesar da notoria variedade onomástica (55 nomes distintos para homes, 58 para mulleres) non se aprecian en Berdoias nomes moi exóticos ou pouco habituais.

Entre os masculinos, quizais poidamos salienta-la presenza dun **Cornelio** en 1840, fillo de moza solteira, quen recibiría o nome do seu padriño berdoiés. Outros nomes masculinos que apareceron por vez primeira na freguesía foron: **Simón, Eusebio, Fernando, Martín e Victorio**. Gran parte dos outros nomes con un ou dous representantes como máximo xa existían no período que estudiamos anteriormente: **Bentura, Carlos, Frutuoso, Alejos, Ambrosio, Baltasar, Theodoro, Thimoteo, Xacinto, Xorge, Santiago**, etc. Chama a atención a escasa presenza deste último, pois só un neno nado en 1789 foi bautizado co nome do importante santo titular do Arcebispado –patrón de España, ademais– nestes cen anos (e, aínda por riba, e meniño vai e morre párvulo...), e iso que a parroquia principal de Berdoias, a veciña Berdeogas, o ten como patrón; a todo isto habería que engadir que posiblemente o nome fose imposto pola súa madriña, chamada *Jacoba*. Establecendo as comparacións, quizais houbese máis nomes “raros” no período anterior de 1607-1760: *Bonaventura, Fructo, Quirino, Benicio, Fulgencio, Cosme Damián, Ponciano, Romualdo, Juan Crisóstomo, Juan Nepomuceno, Pedro Crisólogo*, etc. [Lema 1993: 125].

Entre os femininos xa hai máis nomes inhabituais na onomástica dunha parroquia rural galega, tales como **Escolástica** (dúas nenas, de 1782 e 1784), **Florencia** (outras dúas, de 1788 e 1795), outras dúas **Salvadoras** (unha de 1798 e a outra de 1823) e, xa cunha soa representación: **Athanasia, Cándida, Cecilia, Concepción (sic), Dolores, Fabiana, Florentina, Genubeba (sic; tan raro lles debería soar...), Gerónima, Inocencia, Justa, Matilda (sic, rematada en -a, como mellor corresponde coa súa etimoloxía: do xermánico *maht* + *hiltia* [Ferro Ruibal 1992: 375]), Nicolasa, Perfecta, Rosaria** (tamén rematada en -a, como aínda subsiste popularmente, quizais porque así semella “máis feminina”), **Sebastiana, Silbestra**. En contra do que se puidese pensar nun principio, unicamente nos casos de *Florencia, Matilda* e unha das *Salvadoras* coinciden os nomes das bautizadas cos das madriñas (ou padriños); nos outros casos, ningún dos padriños ou das madriñas pode leva-la culpa de querer propaga-lo seu propio nome nas afilladas.

### 4. OS NOMES COMPOSTOS

Como xa sinalamos no noso traballo anterior, o uso xeneralizado dos nomes compostos documentámolo nesta parroquia a partir da primeira metade do séc. XVIII, tanto masculinos como femininos (Lema 1993: 126).

No período que agora nos ocupa, acrecéntase o uso de dous nomes –rara vez se chega a tres– para nenos e nenas nados na segunda metade do séc. XVIII e na primeira do XIX.

Poucas particularidades temos que salientar ó respecto, pois practicamente tódolos nomes das nosas listaxes se combinan entre si, tanto para homes como para mulleres.

Deste xeito, o nome masculino co que se ensaiaron máis combinacións foi **José**, con 19 (*J. Andrés, J. Antonio, J. Benito, J. Carlos, J. Clemente, J. Domingo, J. Fidel, J. Florencio, J. Francisco, J. Juan, J. Manuel, J. María, J. Pablo, J. Rafael, J. Ramón, J. Saturnino, J. Silbestre, J. Simón e J. Vicente*). *José María* foi a combinación que máis se popularizou (10 bautizados a levaron), tendo como punto de partida o ano 1837, como xa adiantamos. Case a metade dos Xosés (37 dos 83 totais) levaron o seu nome “reforzado” cun segundo.

Con **Andrés** fixéronse 15 combinacións : *A. Antonio, A. Antonio Vizente, A. Benito, A. Bernardo, A. Domingo, A. Francisco, A. Hilario, A. Juan, A. Manuel, A. Pablo, A. Pascoal, A. Ramón, A. Sebastián, A. Silbestre, A. Vicente*. Máis da metade dos que levaron este nome levaron un segundo detrás (29 bautizados dun total de 58).

**Manuel** admitiu 14 combinacións: *M. Agustín, M. Andrés, M. Angel, M. Antonio, M. Bartolomé, M. Benito, M. Domingo, M. José, M. Joaquín, M. Modesto, M. Ramón, M. Simón e M. Vicente*; un total de 23 bautizados dun total de 63.

**Juan** admitiu 12: *J. Alexo, J. Andrés, J. Antonio* (6), *J. Antonio Ramón, J. Benito, J. Francisco, J. Ignacio, J. Inocencio, J. Ramón, J. Simón e J. Thomé*. Un total de 24 bautizados dos 38 que levaron este nome; coa entrada do séc. XIX baixou moito o uso dos “combinados” con este nome.

**Pablo** admitiu 10 combinacións: *P. Antonio, P. Carlos, P. Fernando, P. Gregorio, P. Juan Antonio, P. Manuel, P. Ramón Miguel, P. Silbestre, P. Simón e P. Tomás*. Case tódolos bautizados que as levaron (13 de 20 bautizados) naceron no séc. XVIII; dá a impresión de que non “casaban” ben uns nomes cos outros para o gusto da xente, de xeito que, coa entrada do XIX, se volveu ó uso único do primeiro nome.

**Francisco** admitiu 9 combinacións, que levaron menos da metade dos bautizados co nome do santo de Asís (13 de 33, repartidos case equitativamente entre os dous séculos): *F. Antonio* (5), *F. Benito, F. Bernardo, F. José, F. Manuel, F. María de San Ramón, F. Ramón, F. Simón e F. Vizente Antonio*.

**Domingo** só admitiu 5 combinacións, pero unha delas de moito éxito, *D. Antonio*, que, con 14 bautizados que a levaron, supón case a metade dos bautizados (29 en total). Quizais esta combinación teña unha longa tradición na Costa da Morte, abonde con lembra-lo máis famoso dos personaxes bautizados con ela: o arquitecto barroco *Domingo Antonio de Andrade*, nado en Cee en 1639. Os outros segundos nomes para *Domingo* foron: *Caetano, Pasqual, Ramón e Vicente*.

En fin, os padriños e pais berdoieses foron moi dados por este tempo ó uso dos nomes compostos, ensaiando combinacións ben variadas e dispares, quizais porque así quedaba solucionado o dilema de qué nome se lle ía poñer ó bautizado ou bautizada, se o do padriño ou o da madriña. Deste xeito, tamén **Ángel** combinou con *Antonio, Benito, Ramón* e houbo quen se chamou *Ángel Custodio*; **Bernardo** con *Cándido e Ramón*; **Carlos** con *Antonio e Juan*; **Diego** con *Francisco*; **Gregorio** con *Antonio, Manuel, Mauricio, Ramón e Simón An-*

tonio; **Joaquín** con *José, Pedro e Santiago*; **Miguel** con *Antonio e Ramón*; **Pedro** con *Antonio, Francisco, Frutuoso, Ignacio Ramón e Tomás Antonio*; **Ramón** con *Eugenio, Gregorio Mathías, Joaquín Manuel, Simón e Vicente*; **Rafael** con *Antonio, Felipe e Gregorio*; **Salvador** con *María*, **Roque** con *Antonio*, **Sebastián** con *Carlos*, **Victorio** con *Manuel* e **Xorge** con *Domingo*; **Thomás** con *Antonio e Vizente* e, finalmente, **Vicente** con *Antonio, Antonio Francisco, Joachin e Ramón*. Chama a atención que **Antonio** só “combinase” unha única vez (con *Simón*). En fin, que da extensa gama dos 55 nomes masculinos diferentes deste período, os padriños berdoieses só deixaron soños, “sen parella” combinatoria, a 14: **Agustín, Ambrosio, Blas, Cornelio, Christobal, Eusebio, Frutuoso, Jacinto, Jacobo, Luis, Marcos, Santiago, Silvestre e Theodoro**.

Con todo, a pesar das aparencias, o número de nenos bautizados de Berdoias neste período de 1761 a 1860 cun nome único superou amplamente ós de nome composto: 434 (75%) fronte a tan só 145 (25%). Lembremos que o número total de bautizados varóns era de 579.

Os padriños e madriñas das nenas berdoieses deste período tamén foron amigos de estableceren abundantes combinacións cos nomes das súas afilladas. Como era de esperar, a meirande parte delas con **María** (28 en total): *M. Agustina, M. Andrea, M. Angela, M. Antonia, M. Antonia Christina, M. Benita, M. Bernarda, M. Carmen e M. del Carmen, M. Dolores, M. Dominga, M. Francisca, M. Ignacia, M. Inocencia, M. Juana* (e unha *M. Joana*), *M. Joaquina, M. Josefa, M. Luisa, M. Manuela, M. Manuela Andrea, M. Micaela, M. Nicolasa, M. Paula, M. Rosa, M. Teresa, M. Thomasa e M. Vicenta*. A variante combinatoria de máis éxito foi a de *M. Antonia* (26 bautizadas); *M. Josefa* (14), *M. Rosa* (10) e *M. Carmen/ M. del Carmen* (10) tamén foron moi usadas. Esta última non se pon de moda ata a segunda década do séc. XIX: *M. del Carmen Caamaño* foi na parroquia a primeira bautizada con este nome (1816). Das 169 bautizadas berdoiesas que levaron este nome, tan só 42 foron *María* “a secas”: un nome que xa daquela se prefería acompañado, tanto no séc. XVIII coma no XIX. Tal como nos tempos de agora mesmo, como calquera pode observar.

A considerable distancia queda **Josefa** e as súas combinacións (14 en total, a maior parte no séc. XIX): *J. Andrea* (4), *J. Antonia, J. Benita, J. Dominga, J. Dorotea, J. Eladia, J. Fabiana, J. Gregoria, J. Joaquina* (4), *J. Manuela* (4), *J. María* (4), *J. María Thomasa, J. Vizenta*. Desde logo, non tiveron excesivo éxito –é de supoñer que non se usasen a cotío, dada a dificultade para pronuncia-los dous nomes seguidos–, e nin sequera chegaron á metade das bautizadas as nenas que as levaron (27, fronte ás 37 que foron *Josefa* a secas).

Despois veñen **Andrea**, con 13 combinacións (con *Agostina Manuela, Alonsa, Antonia, Benita, Bernarda, Carmen, Dominga, Gertrudis, Josefa, Manuela, María, Thomasa e Vizente*), **Manuela** con 9 (con *Agustina, Andrea, Aniceta, Antonia, Justa, María, Rosa e Vicenta*), **Dominga** con 8 (con *Andrea, Eusebia, Francisca, Leocadia, Rosa, Tomasa e Vicenta*), **Benita** con 5 (con *Ana, Andrea, Carmela, Manuela e Paula*), **Rosa** con outras 5 (con *Andrea, Carmen, Josefa, Manuela e María*). Con catro combinacións aparecen **Francisca** e **Juana**, e con tres **Vicenta**; con dúas **Ángela, Antonia, Bárbara, Bernarda, Elena**



e **Paula** (nomes todos eles xa de pouco uso). Mesmo en nomes con tan só unha ou dúas bautizadas, os padriños preferiron darlle compañía ó nome principal, a pesar de que as combinacións resultasen pouco compatibles e pronunciabes: **Ángela Carmela, Bárbara Elena, Bernarda Gregoria, Cándida Francisca, Cecilia Juliana, Concepción Vitoria, Christina Vizenta, Felipa Josefa, Gabriela Juana, Gregoria Micaela, Juliana Cecilia, Leocadia Lorenza, Lorenza Benita, Luisa Carmela, Nicolasa Francisca, Paula Antonia, Ramona Manuela, Silbestra Juana**, etc.

A flexibilidade combinatoria do nome de *María* (127 bautizadas con este nome levan un segundo, fronte a tan só 42 sen el) provoca que o número de nenos berdoiesas de nome composto (300; un 56%) supere ás de nome único (236; un 44%). Lembremos que a totalidade das bautizadas ascendía a 536. A tendencia nos restantes nomes femininos é semellante á dos masculinos; é dicir, que sexa maior o número das persoas que levan un só nome. *Josefa* vai combinado en 27 ocasións e 37 vai só; *Juana* só vai combinado en 6 ocasións (26 veces vai só); *Manuela* vai acompañado en 12 ocasións e 35 non; *Rosa* leva compañía 5 veces e 11 non, etc. En resume, xuntando uns e outros, vemos que do total de 1116 bautizados/as de Berdoias analizados neste período, máis da metade levaron un único nome: 670 (un 60%) fronte a 446 que o tiveron composto (un 40%).

Por outra parte, cómpre observar que na onomástica feminina de Berdoias destes cen anos, hai unha porcentaxe maior de nomes solitarios ca no caso dos masculinos: 24 dun total de 58. Ningún deles se puxo máis dunha vez. Son estes: **Agustina** (repárese na existencia dunha **Agostina** de segundo), **Alonsa, Athanasia, Carmela, Dolores, Escolástica, Fabiana, Florencia, Florentina, Genubeba, Gerónima, Ignacia, Inés, Inocencia, Isabel, Joaquina, Justa, Matilda, Micaela, Pasqua, Rafaela, Rosaria, Salbadora e Sebastiana**.

## 5. DE QUEN TOMA O NOME O BAPTIZADO

Determinar de quen toma o nome o bautizado é un dos aspectos máis interesantes da onomástica, pois tanto pode explica-la renovación da mesma en determinadas comunidades como o grao de mantemento dos nomes tradicionais.

Caben varias posibilidades:

- a) que se poña o nome do pai ou da nai;
- b) que se poña o nome do padriño ou da madriña (ou dos dous combinados);
- c) que se poña o dalgún dos avós;
- d) que se poña o nome do santo do día do nacemento ou do día en que se celebra o bautizo;
- e) que se poña o nome do santo da parroquia ou do titular dun santuario comarcal de gran devoción;
- f) que o párroco ou o crego oficiante do bautismo –un presbítero ou crego ecónomo, axudante do titular nestes oficios– inflúa nos pais ou padriños impondo o seu nome ou outro da súa elección.

g) que o párroco ou crego oficiante impoña determinados nomes ós bautizados por el para populariza-la devoción a algún santo ou santa –ou advocación da Virxe– dos que son devotos ou introdutores do seu culto<sup>9</sup>.

h) que o crego oficiante ou o párroco impoña un nome feo ou ben raro ós fillos “ilexítimos” para “castiga-lo pecado” da nai de por vida con este *nome-estigma* na persoa do inocente meniño.

Xa indicamos en páxinas anteriores a influencia que tiveron certas ordes relixiosas en determinadas épocas na propagación dos nomes (os dominicanos durante os séculos XVII e XVIII, co adaxo da propagación do rezo do rosario) ou de que se revitalizasen as devocións a certos santos (como a de san Xosé a partir do séc. XVII).

Estes son os datos que achegamos para o período que acabamos de estudar en Berdoias (1761-1860), en base ás observacións das simples coincidencias dos nomes de pía do pai/nai ou do padriño/madriña cos seus correspondentes afillados ou afilladas. Convén advertir que tivemos en conta tamén os segundos nomes –non só os primeiros–, pois comprobamos que uns e outros con moita frecuencia loitan por deixa-la súa “pegada” ou marca onomástica no bautizado/a: se non pode ser no primeiro nome, que sexa no segundo, logo.

#### Cadro 5: *De quen toman o nome os bautizados*

##### a) imponse o nome do pai:

- *nenos co nome do pai*: 1 [0,08% do total dos bautizados/as (1116)/ 5,79% dos homes (579)].
- *nenas coa forma feminina do nome do pai*: 2 [0,18% do total dos bautizados/as (1116)/ 0,37% do total das mulleres (536)].

##### b) imponse o nome da nai:

- *nenas co nome da nai*: 11 [0,98%/ 2%].
- *nenos coa forma masculina do nome da nai*: 3 [0,26%/ 0,5%].

##### c) imponse o nome do padriño:

- *nenos co nome do padriño*: 373 [33,42%/ 64,42%].
- *nenas coa forma feminina do nome do padriño*: 102 [9%/ 19%].

##### d) imponse o nome da madriña:

- *nenas co nome da madriña*: 218 [19,53%/ 40,7%].
- *nenos coa forma masculina do nome da madriña*: 36 [3,2%/ 6,2%].

<sup>9</sup> Caso paradigmático o do crego Francisco Bretal Mariño, introductor do culto á Virxe de Aránzazu na parroquia de Coucieiro (Muxía) –freguesía cercana a Berdoias, por certo– entre 1785 e 1788, conseguindo construír unha ermida para ela no lugar de Trasufre. Tal debía se-la devoción que este crego tiña pola Virxe de orixa vasca (en Galicia transformada en Virxe do Espiño) que, unha vez trasladado á parroquia de Santa Cristina de Veá, cercana á Estrada, fixo erguer outro santuario e, dos 44 bautizos de nenas que fixo nesta parroquia entre 1790 e 1797, 41 delas levaron o nome de *Aranzazú* (así, acentuado na última sílaba); só tres cativas non o levaron. En decembro de 1797, cando F. Bretal xa non estaba de párroco, aínda un neno foi bautizado co nome de *Andrés María de Aranzazú* (datos amablemente facilitados por Manuel Vilar Álvarez). Para o curioso culto a esta Virxe en Galicia, véxase: F. Bouza Brey (1970): “El culto a Nuestra Señora de Aránzazu en Galicia”, *Compostellanum*, vol. XVI, nº 2 (pp. 255-263) e M. Vilar Álvarez (1995): “Festa e identidade nunha parroquia de Nemancos”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XLII, fasc. 107 (pp. 445-466).

**e) imponse o nome do padriño e da madriña:**

- *nenos co nome do padriño e da madriña*: 48 [4,3%/ 8,3%].
- *nenas co nome da madriña e do padriño*: 83 [7,4%/ 15,5%].

**f) imponse o nome dos pais e dos padriños (por se-lo mesmo):**

- *nenos/as co nome do pai ou da nai + o do padriño ou madriña*: 61 [5,5%].

**g) imponse o nome do crego oficiante da cerimonia bautismal<sup>10</sup>:**

- *nenos co nome do crego oficiante*: 22 [2%/ 3,79%].
- *nenas co nome feminino do crego oficiante*: 4 [0,35/ 0,74%].

**h) imponse o nome do día:**

- observamos 43 casos (0,35% do total dos bautizados), coa particularidade de que en 6 deles coincidía tamén o nome do padriño ou da madriña.

**i) imponse o nome do patrón da parroquia:**

- un tan só, posiblemente. Dos 23 **Pedros** que naceron neste período, 19 recibiron o mesmo nome có padriño; dos catro posibles restantes, un deles –*Pedro Canosa* (n. 1851)– foi bautizado o 29 de xuño, día da festa do patrón da parroquia.

**j) imponse o nome dun santo ou santa de devoción na comarca:**

- non observamos caso ningún. Na parroquia non hai ningún santuario de devoción. O máis importante e coñecido da comarca ó da Nosa Señora da Barca (Muxía), pero daquela quizais aínda non había o “atrevemento” de bautizar ás nenas co nome de *Barca*, como é hoxe usual –xa desde hai ben anos– na vila muxiá e arredores. Tampouco influíu, a partir de 1788, o inicio do culto a Nosa Señora de Aránzazu (a Virxe do Espiño ou *A Santiña*) na non distante freguesía de Coucieiro, parroquia de onde proceden moitos dos padriños e madriñas.

En resumo, que se ve ás claras que prevalece o **nome do padriño ou da madriña** –ou dos dous á vez–, pois imponse en 861 partidas de bautismo (o que supón máis das tres cuartas partes dos bautizados: un 77%). A imposición do nome dos pais e das nais é asombrosamente anecdótico: só en 17 casos (1,5%).

Comparando estas cifras e porcentaxes cos do período anterior, observamos que na segunda metade do XVIII e na primeira do XIX incrementase notoriamente a imposición do nome dos padriños (de 1607 a 1760, con ser maioritaria, tal imposición a penas superaba o tercio do total dos bautizados/as; agora sobe ás tres cuartas partes). Moita importancia estaban adquirindo os padriños por esta época, polo que se ve, tanta que ata é posible que lles condicionasen ós pais o dereito de lles transmitiren o seu nome ós afillados ou afilladas, se non de primeiro, si de segundo. Esta é a nosa suposición, quizabes moi aventurada.

Entre os nomes máis comúns, non hai padriño ou madriña que se resista a non transmiti-lo seu propio nome ó seu afillado ou afillada (con frecuencia a varios afillados); deste

<sup>10</sup> Neste caso as cifras son só aproximativas, pois só reparamos no caso de cregos que tiñan nomes pouco comúns coma *Simón, Bernardo, Benito, Pablo*, etc. Dos oficiantes con nomes máis comúns (*Manuel, Antonio*, etc.) é máis difícil obter datos fiables, de aí que é moi posible que as cifras achegadas haxa que multiplicalas quizais por dou ou por tres.

xeito, un *Andrés Romero* de finais do XVIII e principios do XIX apadriñou a varios *Andrés* e *Andreas* (e unha *Andrea* pode ser madriña doutra *Andrea* ou dun *Andrés*). En 1769 *Andrés de Caamaño* e *Antonia de Lema* apadriñaron unha nena á que chamaron *Andrea Antonia* (estes “acordos” ¿salomónicos? danse a eito). Sen embargo, tódolos **Ángel** habidos (e as dúas **Ángela**) debéronlle o seu nome ós correspondentes padriños, sen que o nome de nin-gunha das madriñas contase para nada.

Algúns dos nomes considerados “raros” ou pouco habituais debéronse ós padriños ou madriñas, como *Frutuoso de Caamaño*, que bautiza dous nenos a finais do XVIII co nome de seu, ou *Jacinto Vecino* e *Jacobo de Antelo* na terceira década do XIX, *Josef Florencio* en 1788, *Thomé Riveiro* con *Josepha Thomasa* en 1765, *Caetano Carvallo* en 1775, *Leocadia Pérez* en 1839, etc., etc. E foi unha tal *Jacoba Pérez* quen bautizou o único *Santiago* destes cen anos.

Así e todo, con certa frecuencia algúns padriños e madriñas con nomes “raros”, quizais xa considerados na época un tanto feos ou de difícil pronunciación, parece que se retraen á hora de transmiti-lo seu propio nome ós afillados ou afilladas: en 1851 un *Domingo* e unha *Tomasa* bautizan unha nena cos nomes de *Dominga Tomasa*, pero unha *Tomasa Patiño* de 1814 non se atrevera a poñerlle o seu nome a unha afillada; nin tampouco as *Nicolasas* (en 1844 *Nicolasa Cantorna* bautiza unha *Josefa*), nin unha *Sebastiana* de 1784, madriña ‘*in solidum*’ foi quen de impoñerlle a forma masculina do seu nome a un neno, ó que chamaría *Juan*. Unha *Getrudis* [sic] só nunha ocasión se atreve a transmiti-lo seu exótico nome (e ponllo de segundo á afillada *Andrea Getrudis*) Tamén teñen reparos as *Fabianas*, *Floren-cias*, *Gregorias*, entre outras. Algo tería que haber no ambiente para que un *Bonifacio de Caamaño* –que tivo varios fillos en torno á terceira década do séc. XIX–, ou unha *Mechora Pérez* –tamén nai de familia numerosa contra finais do XVIII, non aparezan apadriñando a ningún neno ou nena na parroquia. ¿Non os chamarían ó compadreo por medo a que cisma-sen en transmiti-los seus respectivos nomes? Só é unha suposición.

¿Quen eran os padriños? Hai de todo. En moitas ocasións son os avós, especialmente os da casa patrucial (aínda hoxe en día subsiste en Galicia o costume de chamar “padriño” ou “madriña” ós avós da casa, aínda que realmente non o sexan), pero outras tantas son os tíos paternos ou maternos<sup>11</sup>. Hai pais que quixeron facer compadres a amigos e veciños, espe-cialmente se estes eran dos máis ricos da freguesía (obsérvase nas partidas a abundancia de afillados que teñen algúns veciños con *don*). Con frecuencia hai formas combinadas (un avó e unha tía, un tío e unha avoa, un tío materno e unha tía paterna, un pai e unha filla, unha nai e un fillo, etc.). A procedencia dos padriños está repartida entre os que viven na propia parroquia e os das freguesías da redonda de Berdoias, dun radio en torno ós dez qui-lómetros (Cambeda, Vimianzo, Calo, Baíñas, Vilastose, Coucieiro, Moraima, Olveira, Mo-raime, Leis, Cereixo, Carnés, San Pedro do Porto, etc.); tamén os hai procedentes de fre-

<sup>11</sup> Os pais tiñan que convidar a unha cea o día do bautizo ós padriños; se estes eran da propia casa, aforrábanse o convite.

guesías de entre 10 e 20 quilómetros (Soesto, Salto, Bamiro, Zas, etc.); raramente veñen de parroquias de lonxe, agás excepcións contadas (no séc. XIX hai unha familia, xa asentada en Berdoias, que procede de Sta. María de Bardaos, comarca das Mariñas; contra 1850, hai unha madriña portuguesa, *Joaquina Paiba*, xa casada na parroquia; tamén foi nai).

Os avós non acadan en Berdoias a maior porcentaxe de apadriñamentos, por unha razón moi clara: a prematura mortalidade das persoas anciás na época. Non temos datos exhaustivos, pero cando en torno a 1820 algúns escribíans empezan a especificar nas partidas se os catro avós están vivos ou defuntos, obsérvase a simple vista a alta porcentaxe de vellos prematuros que finaran sen coñeceren a moitos dos seus netos.

Un caso especial é o dos **presbíteros** ou **cregos patrimonialistas** ou **ecónomos**, “vicecuras” ou axudantes do párroco que ofician os bautismos “con licencia expresa” dos curas párrocos. No asunto da transmisión dos nomes ós bautizados van ter máis importancia có propio párroco titular, posto que eran eles e non este os encargados da meirande parte das cerimonias bautismais. Algúns van influír de cheo nos pais ou nos padriños dos bautizados para que impoñan ós nados o nome deles, e algúns ben que o conseguiron, non sabemos por qué tipo de métodos coercitivos. Ignoramos qué teima especial debían ter algúns destes cregos axudantes en transmitiren os seus nomes ó maior número de bautizados posible. É difícil facer un estudio exhaustivo, habida conta de que moitos destes presbíteros tiñan nomes comúns para a súa época (*Domingo, Antonio, Manuel*, etc.).

Cando o nome do presbítero é pouco habitual, está clara a súa influencia cando nas cerimoniais que el oficiou abundan extraordinariamente os nenos ou nenas co nome del. Isto aconteceu co presbítero *D. Pablo Antonio Marcote y Canle* (outras veces, *Pablo da Canle*), que oficiou bautismos entre 1775 e 1785 (sendo crego titular don Francisco García): bautizou, polo menos a tres *Pablos* e unha *Paula* (ningún dos padriños tiña este nome); outros seis *Pablos* que cristianizou tiñan padriños co mesmo nome.

O presbítero *D. Bernardo de Leis y Romero*, entre 1779 e 1806, foi padriño de dúas *Bernardas* e bautizou polo menos a 12 *Bernardos* e 6 *Bernardas* (tres deles non tiñan padriños con este nome).

Outro presbítero, *D. Benito Regueira*, home que teimou durante máis de trinta anos en asinar co apelido castelanizado (*Reguera*), debeu ter moito que ver na imposición dos nomes dos 26 ou máis *Benitos* e *Benitas* do período en que el oficiou (de 1780 a 1815); en seis ocasións ningún dos padriños levaba ese nome.

*D. Andrés Balthasar de Leis y Caamaño* (oficiou de 1811 a 1830), bautizou unha *Andrea* e un *Andrés* que non tiñan padriño con este nome. Ó ser un nome moi común, non podemos saber en cantos bautismos máis influíu.

O caso máis claro é o do presbítero *D. Simón Manuel de Leis y Lema*, activo entre 1827 e 1850. Dos 17 nenos que levaron en Berdoias este nome, 14 son do tempo en que el oficiou; houbo 11 nenos que levaron este nome, a pesar de que nin o padriño nin a madriña se chamaban así, e interviu tamén impoñéndoo como segundo nome dos compostos: os únicos nenos chamados *Francisco Simón* (nado en 1829), *José Simón* (1834), *Juan Simón* (1833),

*Manuel Simón* (1834 e 1836), *Pablo Simón* (1834) e *Ramón Simón* (1828), sen dúbida levaron a súa marca. Curiosamente, este presbítero –nado en Berdoias en 1802– debía o seu primeiro nome ó santo do día en que o bautizaron, e non á transmisión do padriño (este impuxera o segundo) [doc. 17].

Tamén os curas párrocos haberían de influír moito na propagación dos seus nomes de pía; quizabes non tanto coma os presbíteros, pois eles a penas bautizaban, visto que delegaban nestes seus axudantes. Quizais non sexa casualidade o incremento de nenos de nome *Joseph* nos anos en que foi rector de Berdoias *D. Joseph de Cervigón* (entre 1740 e 1760). En troques, *D. José María Suárez Rioboo* (párroco desde 1780 a 1837) non logrou impoñer en ningunha ocasión o seu nome composto (quizais unha vez tan só, en 1786).

## 6. NOMES E CLASES SOCIAIS

### 6.1. Os de arriba: fidalguía e labregos ricos

No período que estudiamos anteriormente (de 1607 a 1760) fixeramos referencia a unhas familias fidalgas que aínda vivían na parroquia de Berdoias: a de *don Alonso de Lema II* e a do seu fillo e herdeiro *don Martín de Castiñeira* –que viviron no séc. XVII– e maila de *don Rodrigo Sancho de Leis Vermúdez* –da primeira metade do séc. XVIII– (Lema 1993: 130-131).

Alonso de Lema II dividira as súas terras da parroquia de Berdoias en dous vínculos, o de Berdoias e o de Boallo, que acabarían confluindo no seu fillo Martín de Castiñeira ó morreren os seus dous fillos chamados Alonso. Martín de Castiñeira casou dúas veces: da súa primeira muller –*dona María Sánchez de Leis y Vaamonde*– tivo a *don Martín Rodríguez de Leis*, a quen lle transmitiu o vínculo de Boallo. Da súa segunda esposa –*dona María Alvares de Carantoña*– tivo como primoxénito a *don Rosendo de Lema y Carantoña*, a quen legaría o vínculo de Berdoias; andando o tempo, os descendentes deste vinculeiro marcharían da parroquia e pasarían a residir no concello lugués de Burón, converténdose primeiro en “lucenses y luego en cortesanos” (Martínez-Barbeito 1986: 114). Estes *Lema* nobres –que, ademais, pecaban de endogamia, pois só casaban con outros *Lema* ou cos *Leis*, agás excepcións– desapareceron da freguesía e, no período do noso presente estudio, xa non contan como veciños.

Os que si puideron contar para o noso presente estudio son os descendentes do vínculo de Boallo. *Don Martín Rodríguez de Leis* casou con *dona Luisa Bermúdez de Araújo*, sendo a súa filla e herdeira *dona María Quiteria Bermúdez de Castro*, que casaría con *don Francisco de Leis Villardefrancos*, de quen foi fillo *don Rodrigo Sancho de Leis Vermúdez* (Martínez-Barbeito 1986: 123-125). Deste último señor xa temos constancia de que vivía na súa casa de Boallo (Berdoias) polo menos entre 1749 e 1761, pois temos documentadas as partidas de nacemento de sete dos seus fillos (Lema 1993: 131). Casado este fidalgo ga-

lego con *dona Josepha Vicenta Santiyán y Valdivieso* –que viñera de Cantabria–, hai que dicir que, con todo, que o seu fillo primoxénito e vinculeiro do coto de Boallo –*don Joseph de Leis y Santiyán*– non nacera en Berdoias, senón en Soesto –onde tamén tiñan casa e terras– en 1747 (Martínez-Barbeito 1986: 125). Este don Joseph de Leis tivo tres fillas, as que transmitiu o seu nome de pía (*Josepha Vicenta, María Josepha e Josepha Ramona*), pero ningunha delas naceu xa en Berdoias, pois non hai constancia documental dos seus respectivos bautismos no libro de bautizados.

Se na primeira parte do noso estudio onomástico (Lema *ibidem*) vimos que os nomes dos fillos e fillas de Rodrigo Sancho de Leis e de María Josepha Santiyán, todos eles compostos e certamente inhabituais neste illado medio rural (*Luisa Francisca* (1749), *Rodrigo Joseph Pedro Silvestre* (1754), *María Quiteria* (1755), *Juan Nepomuceno Bernardo* (1756), *Manuela Josepha* (1757), *Luis Vicente Theodoro* (1758) e *Bernardo Cándido* (1761)<sup>12</sup>, rompían dalgún xeito coa onomástica tradicional da parroquia con este certo toque de distinción clasista, de aquí en adiante xa non imos atopar fillos de fidalgos nados na freguesía. Posiblemente marchasen da casa patrucial e da parroquia tódolos fillos e fillas de Rodrigo Sancho de Leis e María Josepha Santiyán. Sabemos que o vinculeiro, Joseph de Leis y Santiyán, foi catedrático en Santiago e alcalde maior da cidade (Martínez-Barbeito 1986: 628), e é posible que os seus irmáns e irmás tamén o seguisen no seu éxodo para a cidade compostelá; polo menos, nos libros de bautizados non aparecen máis, nin como pais ou nais, nin como padriños ou madriñas.

Desprovistos de fidalguía, en Berdoias non imos apreciar nada especial nos nomes dos bautizados ó longo desta centuria estudada. Fixemos un seguimento dos padriños e madriñas de certa linaxe –os sinalados nas partidas cun *don (Dn.)* ou *dona (D<sup>a</sup>)* antes dos seus nomes– por se os seus pais puidera ser que pertencesen a algunha familia ilustre, ou por se “distinguían” ós seus afillados con algún nome especial. Moitos dos padriños con *don* eran presbíteros –algúns deles irmán do pai ou da nai–, e nada atopamos de particular: a meirande parte dos nomes impostos son os seus propios e os pais das criaturas parecen ser labregos normais da parroquia. Estes presbíteros mesmo non teñen inconveniente en apadriñaren fillos de nais solteiras: don Manuel Pérez apadriña en 1860 a *Andrés Manuel*, fillo de Joaquina Pais e de pai incógnito, e don Manuel de Leis apadriña a *Manuel Benito* (1819), fillo da súa irmá solteira.

Hai outros padriños con *don* que, por pertenceren a outras parroquias veciñas, non sabemos se eran fidalgos ou non. Tampouco se aprecia nada especial no nome de pía dos seus afillados ou afilladas, limitándose a transmitirlle-los seus respectivos nomes ou os de uso corrente pola comarca: *D. José Cantorna*, da veciña freguesía de Berdeogas, aparece varias veces como padriño de *José Pazos* (1821), de *Josefa Fernández* (1823), de *José Camaño* (1827), de *Francisca de Lema* (1829), de *José Fernandes* (1830), de *José Vicente Paz* (1835), etc. *D. Thomás Cervigón*, tamén da veciña Berdeogas, é outro dos máis buscados

<sup>12</sup> Este último incluímolos agora, como consecuencia das investigacións para o presente estudio.

para apadriñar: *Juan Thomé Paz* (1775), *María Thomasa Cibrán* (1777), *Thomás García* (1771), *Thomás Vizente Canosa* (1768), *Thomasa dos Santos* (1768), etc., etc.

Con todo, ben puidese haber certas excepcións cando observamos que aparecen certos nomes pouco habituais: en 1765, *D. Joseph de Aguiar*, fidalgo de Vimianzo, apadriña a unha nena chamada *Gerónima*. Tamén temos que facer mención do nacemento do último dos fillos –con este tiveron oito– dos fidalgos de Boallo, Rodrigo Sancho de Leis de María Josepha Santiyán: *don Bernardo Cándido de Leis* (1761), apadriñado polo seu tío materno *don Bernardo Valdivieso*, estudante. E, ¿que dicir de *Ramón Joaquín Manuel Caamaño* (1851), que tivo a honra senlleira de ser bautizado por un alto eclesiástico compostelán, *Doctor Don Ramón Francisco Caamaño*? (doc. 19). É posible que o pai deste rapaz, Bonifacio Caamaño (oriúndo da veciña freguesía de Cambeda) fose irmán do oficiante, quen non cabe dúbida de que escureceu totalmente ós padriños, pais e mesmo ó neobautizado con tanta recua de títulos que mandou poñer na partida.

## 6.2. Os de abaixo: os fillos naturais

Continuando coa análise da procedencia dos nomes, entramos no outro extremo da pirámide social co estudio dos nomes dos chamados *fillos ilexítimos*, de pai incógnito (p.i.), por se na imposición do seu nome na pía bautismal puidesemos detectar algún tipo de discriminación, pois tense falado da existencia de cregos oficiantes que, para castigar á nai “pecadora” e ó fillo ou fillas produto do “pecado”, teimaron en lle impoñer ó bautizado un nome-estigma, raro e ben feo, para que para sempre se levase marcada a vergonza da transgresión do código moral.

En primeiro lugar, cómpre empezar dicindo que neste período estudiado contabilizamos 124 *fillos naturais*, denominación común nas partidas (61 nenos e 63 nenas); é dicir, os fillos de nai solteira, viúva ou de casada co marido ausente. Esta cifra equivale ó 11,11% dos bautizados deste período. Dos últimos 40 anos do séc. XVIII son 26 bautizados e 98 dos primeiros 60 anos do XIX: todo parece indicar un notable aumento de fillos fóra do matrimonio a medida que nos adentramos na centuria anterior (14,3% dos 685 bautizados nados no XIX).

Dos 124 fillos de pai descoñecido, 3 tamén o foron de nai, pois foron depositados pola mesma na porta dalgún veciño; outros tres foron recoñecidos posteriormente polo seu pai (en casando este coa nai) e houbo un a quen a nai lle imputou a paternidade a un veciño casado, tendo un contencioso con el perante a xustiza xurisdiccional de Vimianzo, exercida polo meiriño do conde de Altamira (doc. n<sup>o</sup> 4).

A non ser raras excepcións –como as nais que despois casaron cos respectivos pais dos seus fillos–, as nais solteiras son produto da situación socioeconómica da época, tanto dos sistemas tradicionais de herdanza –o réxime de mellora, que favorece só a un dos fillos por familia– como ás crises agrícolas que trouxeron consigo épocas de fame. Non imos entrar a analizar isto, pois xa o fixeron os nosos historiadores especializados nesta época (Barreiro Fernández, Ramón Villares, Pegerto Saavedra, Fernández Prieto, etc.)<sup>13</sup>. Nos libros de bau-

<sup>13</sup> Para unha rápida visión da situación da muller rural por esta época –hai xa outros estudos máis exhausti-



tizados non se nos especifica a situación social ou económica dos pais ou nais, pero é lóxico pensar que a inmensa maior parte destas nais solteiras eran pobres caseteiras sen terras de seu, humildes xornaleiras. Isto apréciase sobre todo naquelas que teñen máis de un fillo (hai algunha que chega a ter cinco).

No noso estudio destes cen anos contabilizamos un total de 81 nais solteiras, aproximadamente (algunha que tivo moitos fillos, é posible que, en realidade, fosen dúas do mesmo nome: por exemplo, unha *Josefa Peres*, con cinco fillos, dous deles no mesmo ano –1816– e co mesmo nome –*José*–), unha posiblemente viúva –non se di moi claramente– e tres casadas (dúas delas co marido ausente –“viúvas de vivos”– e unha terceira convivindo con el, pero o crego ten claro que este non fora o pai). Non contabilizámo-las tres nais descoñecidas –as que clandestinamente depositaron as súas criaturas á porta dalgún veciño–, porque sen dúbida estas mulleres non eran da freguesía, como é lóxico pensar, pois axiña se sospeitaria delas.

Do total absoluto de *85 nais de fillos naturais*, a meirande parte delas só tivo un único fillo –polo menos no período estudado– (60 nais en total; tres delas haberíanos de “lexitimar” despois, en casando cos respectivos pais das criaturas), 13 tiveron dous fillos, 2 tiveron 3, unha tivo 4 e tres tiveron 5. É de supoñer que seguramente estas últimas, as que tiveron dous fillos ou máis, fosen mulleres moi pobres, sen nada de seu.

A análise dos apelidos destas nais tamén nos pode facer supoñer que varias nais solteiras do mesmo apelido é posible que fosen da mesma familia (nais e fillas, irmás, etc.): isto pódenos revela-lo estado pouco afortunado destas familias de desherdadas: hai nove nais de apelido *Lema* e outras tantas de apelido *Paz*; dez apelidadas *Peres* ou *Pérez*; seis apelidadas *Caamaño* e *dos Santos* (simplificado en *Santos*, a mediados do XIX); o apelido (*de*) *Pazos* lévao unha e *Domínguez/ Domínguez*, *Gonzales/ González* e *Varela* lévano tres; despois hai representantes dos *Álvarez*, *Alborés*, *Antelo*, *Barrientos*, *de Brenlle*, *Caberta*, *Canosa*, *do Canto*, *Costa*, *Espasandín*, *Fernandes*, *García*, *de Leis*, *Martínez*, *Pais*, *Rodríguez*, *Romero*, *Sánchez*, *Vázquez*, *Vilarnobo* e *Vieites*. O repertorio patronímico é ben abundante, de xeito que poucas familias quedan sen a “mácula”, aínda que á nosa sociedade rural da época pouco ou nada lle habería de importar, seguramente. Por outra banda, cómpre lembrar que estes apelidos eran (son) do máis común pola comarca, de xeito que había Caamaños pobres e Caamaños ricos (lémbrese a *Ramón Joaquín Manuel Caamaño*, nado en 1851, fillo de *Bonifacio Caamaño* e bautizado con ben máis solemnidade da habitual –a súa partida ocupa tres páxinas do libro de bautizados– polo alto eclesiástico compostelán *Doctor Don Ramón Francisco Caamaño* [doc. 19]).

De entre as nais solteiras, salientámo-lo caso de *Andrea dos Santos*, que denuncia ó pai da súa filla, *Andrés Romeu*, home casado e xuíz pedáneo da parroquia de Berdoias, ante a xustiza da xurisdicción de Vimianzo (doc. 4). Unha historia de toda a vida, a paternidade non admitida. Repárese como a nai mesmo lle chega a poñer á filla (*Andrea*) a forma feminina do nome do pai.

vos–, véxase o capítulo titulada “Mocedad, herencia y, no siempre, casamiento” (pp. 203-231) do espléndido libro de P. Saavedra (1994).

Capítulo á parte merecen esas tres nais casadas con fillos que non foron do marido. Dúas delas eran esposas de maridos emigrados, un en Madrid e o outro no Brasil, auténticas “viúvas de vivos”. A nosa Rosalía de Castro –de quen tomamos esta expresión xa clásica– ben se decatou do habitual que a mediados do XIX estaban sendo estas mulleres casadas, abandonadas durante anos e anos ou xa para sempre polos seus maridos emigrados. O crego –encargado da vixilancia moral do seu rabaño– especifica nunha das partidas –a de *Juana Manuela* (nada en 1840)– que o marido da nai estaba ausente no Brasil desde había cinco anos (doc. 16).

Atención sociolóxica especial merece o caso da outra muller casada, que tivo tres fillos (*Domingo*, 1797; *Mathías*, 1798 e *María*, 1803) tendo ó seu esposo (*Thomás Barrientos*) ausente en Madrid. Puidera pensarse que este viría por curtos períodos ó lar natal, pero o crego, implacable, a pesar de cualifica-lo primeiro dos fillos como “lexítimo”, só fai mención dos avós maternos e non dos paternos (doc. 6), facendo o mesmo con ocasión do segundo fillo ó ano seguinte –*Mathías*, 1798–, a quen evita xa denominar “lexítimo” (doc. 7). Curiosamente, este fillo sería apadriñado por *Mathías Barrientos*, irmán maior do pai ausente (os dous, fillos de Raymundo Barrientos e nados en Berdoias en 1753 e 1757, respectivamente); a madriña (Florencia Varela) era a muller do padriño e quizais irmá da nai. O parentesco entre os compadres era por partida dobre, pois estaban casados irmáns con irmás (cuñados cruzados). Sen embargo, en aparencia, non parece pasar nada anormal nesta familia coa situación creada ó ter esta muller xa dous fillos que non eran do marido legal, pois mesmo o irmán e cuñada deste lle apadriñan un (que vai leva-lo nome do padriño). Pódese pensar que, para salva-la honra familiar, os “tíos paternos” toman como afillado ó neno para demostrar que o cativo era fillo lexítimo do lexítimo home de Francisca, posiblemente procreado nunha visita fugaz do ausente. Pero, polo que se ve, nin o crego oficiante “comungou” con isto nin tampouco haberían traga-los veciños.

Pero tamén podemos pensar –¿por que non?– na tan ponderada permisividade que disque tradicionalmente sempre houbo no rural galego (onde só en raras excepcións se marxina á nai solteira ou ós seus fillos): ¿por qué non pensar que a propia familia desta “viúva de vivo” habería de se-la primeira en comprende-la situación desta muller ante a prolongada ausencia do marido emigrado? Todo parece indicar que este non volveu pola freguesía nunca máis: polo menos non aparece partida ningunha con el como padriño. Na partida do terceiro fillo de Francisca –e último, polo que parece–, *María* (1803), o crego volve subliña-la ausencia do cónxuxe e a salientar tan só os avós maternos.

Rematando con este apartado, hai outra nena, (*María*, 1798), filla natural de nai casada, pero tampouco do home legal desta, o cal, á diferenza dos anteriores, non estaba emigrado, senón que aínda “andaba por alí”. Non sabemos se convivía coa muller baixo o mesmo teito ou estaban separados. De calquera xeito, o crego oficiante do bautismo –privilexiado pescudador das vidas dos seus veciños– deixa ben claro na partida que a meniña non era filla do esposo da señora (doc. 8).

nome bautizado/a		posible procedencia do nome
Andrea	1767	<¿do posible pai? (Andrés Romeu)
Andrea	1775	<padrinho (Andrés)
Andrea	1852	<?
Andrea	1856	<padrinho (Andrés)
Andrea Dominga	1835	<padr. (Andrés) + madr. (Dominga)
Andrés	1816	<?
Andrés Antonio	1776	<padrinho (Andrés)
Andrés Manuel	1860	<madr. (Andrea) + padr. (Manuel)
Angel	(1799)	<padrinho (Angel)
Angel	(1806)	<padrinho (Angel).
Angel	1824	<padrinho (Angel)
Antonia Josefa	1845	<madr. (Antonia) + padr. (José)
Antonia	1785	<nai Antonia
Antonio	1768	<padrinho (Antonio)
Benita	1801	<madrinha (Benita)
Bernarda	1843	<padrinho (Bernardo)
Bernardo	1820	<padrinho (Bernardo)
Bernardo	1830	<madrinha (Bernarda)
Carmela	1846	<madrinha (Carmela)
Cornelio	1840	<padrinho (Cornelio)
Domingo	1772	<padrinho (Domingo)
Domingo	1797	<padrinho (Domingo)
Domingo Antonio	1762	<padrinho (Domingo Antonio)
Domingo Pasqual	1800	<padrinho (Domingo)
Escolástica	1782	<santa do día (Sta. Escolástica)
Esteban	1840	<santo do día (Sto. Estevo)
Francisca Manuela	1835	<madrinha (Francisca)
Francisco	1797	<?
Francisco Benito	1848	<padrinho (Francisco)
Francisco Manuel	1839	<padrinho (Francisco)
Gabriela Juana	1847	<padr. (Gabriel) + madr. (Juana)
Gregoria Micaela	1815	<santo do día (S. Gregorio Nacianceno)
Isabel	1829	<madrinha (Isabel)
Joaquín	1846	<padrinho (Joaquín)
Joquin Pedro	1848	<padrinho (Joquin)
José	1857	<padrinho (José)
José	1860	<nai (Josefa)
José	1828	<?
José Fidel	1849	<padr. (José) + madr. (Josefa)
Jose Manuel	1842	<padrinho (José)
José María	1855	<padrinho (José)
José María	1837	<padr. (José) + madr. (María)
José Ramón	1838	<padr. (José) + nai (Josefa)
José Silbestre	1841	<padr. (José) + santo do día (san Silvestre)
Josef Clemente	1796	<padr. (Josef) + madr. (Josefa)
Josefa	1821	<madrinha (Josefa)
Josefa	1824	<?
Josefa	1857	<madrinha (Josefa)
Josefa Andrea	1807	<madr. (Josefa) + padr. (Andrés)
Josefa Gregoria	1834	<padrinho (José)
Josefa Joaquina	1858	<padr. (José) + madr. (Joaquina)
Josefa Maria	1820	<nai (Josefa) + madr. (María)
Josefa	1845	<?
Josefa	1859	<madrinha (Josefa)

Juan	1848	<padriño (Juan)
Juan Antonio	1800	<padriño (Juan)
Juan Simón	1833	<padr. (Juan) + madr. (Juana) + nai (Juana) + crego oficiante (Simón)
Juana	1774	<madríña (Juana)
Juana	1835	<madríña (Juana)
Juana	1849	<madríña (Juana)
Juana Manuela	1840	<madríña (Juana)
Leocadia	1788	<madríña (Leocadia)
Manuel	1815	<padriño (Manuel)
Manuel	1822	<padriño (Manuel)
Manuel	1843	<padriño (Manuel)
Manuel	1845	<?
Manuel Angel	1858	<madr. (Manuela) + padr. (Angel)
Manuel Benito*	1794	<madr. (Manuela) + padr. (Benito)
Manuel Benito	1819	<padriño (Manuel)
Manuel Vicente	1850	<padr. (Manuel) + madr. (Vicenta)
Manuela	1825	<?
Manuela	1836	<madríña (Manuela)
Manuela	1838	<padriño (Manuel)
Manuela	1818	<madríña (Manuela)
Manuela	1828	<madríña (Manuela)
María	1769	<?
María	1798	<nai (María)
María	1803	<?
María	1822	<madríña (María)
María	1828	<?
María	1844	<?
María	1847	<?
María	1851	<madríña (María)
María	1853	<madríña (María)
María	1860	<?
María	1848	<?
María*	1849	<madríña (María)
María Andrea	1774	<padriño (Andrés)
María Antonia*	1797	<madríña (Antonia)
María Carmen	1841	<madríña (María Carmen)
María Joaquina	1863	<madr. (María) + padr. (Joaquín)
María Josefa	1845	<madr. (María) + nai (María) + padr. (José)
María Juana	1828	<madríña (Juana)
María Manuela	1854	<madríña (María)
María Manuela	1858	<madríña (Manuela)
María Manuela	1858	<madr. (María) + padriño (Manuel)
María Rosa	1780	<?
María Rosa	1781	<madríña (Rosa)
María	1807	<?
Mathias	1773	<?
Mathias	1798	<padriño (Mathías)
Miguel	1827	<padriño (Miguel)
Miguel	1855	<padriño (Miguel)
Pablo Carlos	1777	<crego oficiante (Pablo) + padr. (Carlos)
Pedro	1833	<padriño (Pedro)
Pedro Antonio	1812	<padriño (Pedro)
Pedro Antonio	1816	<padriño (Pedro)
Rafaela	1817	<santo do día (san Rafael)
Ramona	1810	<¿santo do día? (san Ramón)
Roque	1797	<padriño (Roque)
Rosa	1833	<madríña (Rosa)

Rosa María	1860	<madr. (Rosa) + nai (María)
Silbestre	1802	<padriño (Silbestre)
Silbestre	1825	<padriño (Silbestre)
Simón	1827	<crego oficiante (Simón Manuel)
Simón	1830	<crego of. (Simón Manuel)
Simón	1832	<crego of. (Simón Manuel)
Simón Manuel	1836	<crego of. (Simón Manuel)
Simón Pedro	1831	<crego of. (Simón M.) + padr. (Pedro)
Valentín	1840	<?
Vicente	1844	<madriña (Vicenta)
Vicente	1854	<madriña (Vicenta)
Vicente Antonio	1790	<padriño (Vicente)
Victorio Manuel	1838	<¿santo do día? (san Victorino)

\*Posteriormente lexitimados co casamento dos pais

Analizando os nomes dos fillos naturais destes cen anos, non observamos ningún tipo de discriminación onomástica neles, pois tódolos nomes son do máis común por aquela época e a penas os hai “raros” ou feos. Entre os nenos predominan os *José* (10), *Manuel* (8), *Simón* (5), *Domíngoo* (4), *Ángel*, *Francisco*, *Juan*, *Pedro* e *Vicente* (3), *Bernardo*, *Joaquín*, *Mathías*, *Miguel*, *Silbestre* (2), e os *Cornelio*, *Esteban*, *Pablo Carlos*, *Roque*, *Valentín* e *Victorio Manuel* (con un). Entre as nenas as máis numerosa volven se-las *Marías* (23), vindo logo a distancia as *Josefas* (9), *Andreas*, *Manuelas* (5), *Juanas* (4), *Antonias* e *Rosas* (2), *Benita*, *Carmela*, *Escolástica*, *Francisca*, *Isabel*, *Gabriela Juana*, *Gregoria Micaela*, *Rafaela* e *Ramona* (con un).

Destes 124 rapaces, 83 recibiron o seu único nome ou algún deles (no caso dos compostos) do que levaban o padriño ou a madriña (o que supón o 70% do total), 4 bautizados do nome do padriño ou madriña coincidente co da nai; dous bautizados o nome do padriño ou madriña coincidente co do crego oficiante; un no que coincide o nome do padriño ou madriña co da nai e a forma feminina co nome do crego oficiante e outro máis no que coincidía o nome do padriño ou madriña co santo do día. Sumando todo isto, temos que a influencia dos nomes dos padriños –dunha ou doutra forma– ascende ó 74% (sobre 91 bautizados).

O nome da nai impúxoselle a tres bautizados, e o do posible pai, a un). O crego oficiante conseguiu impoñe-lo seu nome –relegando o dos padriños– a catro bautizados (foi don Simón Manuel de Leis, en torno a 1830, gran propagador do seu primeiro nome: dous nenos máis o levaron, pero neste caso xa coincidía co dos padriños).

O nome do santo do día do bautismo púxoselles, con certeza, a catro bautizados (*Escolástica*, 1782; *Gregoria*, 1815; *Esteban*, 1840; *Rafaela*, 1817); a estes hai que engadirllles outros dous posibles (*Ramona*, 1810 e *Victorio*, 1838), que naceron días arriba, días abaixo da data da festa de san Ramón e de san Victorino. Hai un caso (*José Silbestre*, 1841), no que o padriño impón o primeiro nome (*José*) e o segundo tomouse do día do santo en que se celebra o bautismo (san Silvestre, festa que se celebra na significativa data do derradeiro día do ano). Como se ve, nin sequera nos nomes impostos pola data do día do bautismo se aprecia discriminación (o máis “raro” pode ser *Escolástica*, pero cómpre engadir que por aquela época houbo outra nena con este nome filla de “lexítimo matrimonio”; *Gregoria* era

tamén un nome bastante usado, o mesmo ca *Silvestre*). Outro nome inhabitual, *Cornelio* (1840) fora posto por un padriño que tamén levaba este nome tan latino.

### 6.3 Nomes e santo do día do nacemento ou do bautismo

Quen non toma o nome nin do padriño nin da madriña, nin do pai ou da nai, nin dun teimoso crego proselitista, hai que pensar que se lle impoña o nome do santo do día en que naceu ou en que se bautizou. Regularmente é do día en que se bautiza, non do que nace, como se pode comprobar polas partidas. Tampouco hai unha rigorosidade extrema, pois abonda con que os bautizados nazan ou se bauticen días arriba, días abaixo da data da festa dun santo ou santa significativo, como, por exemplo, san Xosé.

Cadro 7: *Bautizados que recibiron o nome do santo ou santa do día do seu bautismo (Berdoias: 1761-1860)*

nomes bautizados/as e datas dos bautismos	santo/a e data da súa festa: día/mes
Agustín Caamaño (29/8/1828)	<Sto. Agostiño: 28/8 (DNG: 107)
Andrea Peres (29/11/1787)	<Sto. Andrés: 30/11)
Ángel Antonio Caamaño (3/5/1797)	<Sto. Anxo Carmelitano: 5/5 (DNG: p. 138)
Carlos Antonio de Pazos(4/11/1793)	<S. Carlos Borromeo: 1/11 (DNG: p. 186)
Carlos Juan Lema (5/11/1841)	<id anterior.
Escolástica Rodríguez (22/2/1784)	<Sta. Escolástica: 10/2 (DNG: 250)
Escolástica de Lema (3/2/1782)	<id anterior.
Esteban Domínguez (27/12/1840)	<Sto. Estevo: 27/12 (DNG: 254)
Fabiana Camaño (21/1/1790)	<S. Fabián: 20/1 (DNG: 263)
Felipa Josefa Pérez (11/5/1783)	<S. Filipe apóstolo: 11/5* (DNG: p. 272)
Florentina de Pazos (25/5/1834)	<Sta. Florencia: 23/5 (DNG: 275)
Francisco Pérez (2/10/1858)	<S. Francisco de Asís: 4/10
Gregoria Micaela González (19/5/1815)	<S. Gregorio Nacianceno: 9/5* (DNG: 290)
Gregorio Ramón Barrientos (13/3/1831)	<S. Gregorio Magno: 12/3* (DNG: p. 290) + padriño Gregorio.
José Caamaño (18/3/1838)	<San Xosé: 19/3.
José Alborés (20/0/1848)	<id
Josef Alborés (19/3/1779)	<id
Josef Vilarnobo (20/3/1789)	<id
Josef Andrés de Canosa (17/3/1781)	<id +madriña Josefa
Josef María Pérez (19/03/1785)	<San Xosé
Josefa Peres (26/3/1810)	<id + padriño José
Josefa Pérez (22/3/1856)	< id + padriño José
Juan de Lema (25/6/1798)	<San Xoán: 24/6
Juan Manuel Lema (24/6/1842)	<id
Juana de Pazos (22/6/1796)	<id
Juana Domingues (26/4/1796)	<id
Luciano Manuel Leis (7/1/1840)	<S. Luciano de Antioquía: 7/1 (DNG: 339)
María Carmen Caamaño (14/8/1843)	<Sta. María: 15/8 (+madr. María Carmen)
María Inocencia Canosa (28/12/1785)	<Stos. Inocentes: 28/12.
María Nicolasa Paz (12/9/1804)	<S. Nicolao de Tolentino: 10/9 (DNG: 396)
María Nicolasa de Lema (11/9/1813)	<id
Micaela de Lema (24/9/1829)	<S. Miguel: 29/9
Nicolasa Francisca Albores (3/12/1802)	<S. Nicolao de Bari: 6/12 (DNG: 396) + madriña Francisca.
Pedro Canosa (29/6/1851)	<S. Pedro: 29/6 + patrón parroquia
Rafael Antonio Camaño (25/10/1808)	<S. Rafael: 24/10* (DNG: 445)
Rafael Felipe Peres (22/10/1824)	<id
Rafaela Paz (24/10/1817)	<id
(José) Silbestre Santos (30/12/1841)	<S. Silvestre: 31/12 ( DNG: 486) + padriño José.

Silbestra Juana Canosa (31/12/1802)	<id + padr. Juan
Silbestre de Pazos (31/12/1806)	<id
Simón Manuel de Leis y Lema (28/10/1802)	<S. Simón apóstolo: 28/10 (DNG: p. 488) + padr. Manuel
Vicente Antelo (22/1/1844)	<S. Vicente: 221/1 (DNG: 522) + madr. Vicenta
Victorio Manuel Caamaño (27/2/1838)	<S. Victorino: 25/2 (DNG: 525)
* Celebración tradicional, anterior á actual reforma do Concilio Vaticano II.	

(DNG: *Diccionario dos Nomes Galegos*, de Ferro Ruibal 1992)

Un total de 43 bautizados, nenos e nenas, recibiron o seu nome do santo ou santa do día en que se bautizaron (ou en base á súa proximidade), o que supón só un 3,8% do total. Hai 6 *Josés* e 2 *Josefas*; 2 *Silbestres* e unha *Silbestra*; 2 *Rafael* e unha *Rafaela*; 3 *Nicolasas*; 2 *Carlos*; 2 *Escolásticas*; un *Gregorio* e unha *Gregoria*; e tan só nunha oportunidade: *Agustín*, *Andrea*, *Ángel*, *Esteban*, *Fabiana*, *Felipa*, *Florentina*, *Francisco*, *Luciano*, *María* –¡unha soa!–, *Inocencia*, *Micaela*, *Pedro* –coincidente coa festa do patrón parroquial–, *Simón*, *Vicente* e *Victorio* (tomado este dun san Victorino).

## 7. A CASTELANIZACIÓN DA ONOMÁSTICA, PRACTICAMENTE CONSUMADA

O apartado da progresiva castelanización onomástica ocupárame varias páxinas do meu anterior estudio (período 1607-1760), pois o proceso estaba en marcha, habendo aínda algún que outro testemuño do pasado. Polo séc. XVII aínda aparecían as formas galegas dalgúns nomes (*Joan*, *Estebo*, *Christobo*, *Mariña*, *Guillermo*, *Catharina*, *Margarida*, *Locaia*, *Alberte*, *Thomé*, *Lourenço/ Lourenso*, *Amaro*, *Caetano*, etc. Agora, neste período tan avanzado, dá a impresión de que a castelanización dos nomes xa está consumada, e a penas rexistramos algún que outro *Caetano* ou *Agostina* medio despistados ben entrando o séc. XIX. Sen embargo, na fala popular e en libros non tan formalistas coma estes dos bautizados (i.e., os libros de fábrica e confrarías relixiosas) aparecen aínda por esta época algúns nomes propios en galego (véxase Lema 1991: 122-132).

Ben entrado o séc. XIX aínda se aprecian *os apelidos* con formas ben galegas, pero iso é xa para outro estudio ben pormenorizado. Reparemos, non obstante, na persistencia do sufixo *-es* para os apelidos patronímicos ata case a metade do XIX: contra 1830 e anos posteriores aínda detectamos nalgúns **Peres**, **Fernandes**, **Gonzales**, **Sanches**, **Albares**, etc. (alternando coas formas rematadas en *-ez*, que empezan a xeneralizarse máis decididamente por esta época: todo parece indicar que este sufixo é outro dos froitos da castelanización, quizais –polo menos neste caso–, máis serodia do que se pensaba)<sup>14</sup>.

A mediados do XIX tamén, grosso modo, os escribíans teiman no seu empeño de elimina-las preposicións (e as correspondentes contraccións cos artigos) que caracterizaban a

<sup>14</sup> Advirtamos que a fala desta parroquia de Berdoias está comprendida, dentro do Bloque occidental de falas, dentro da área Fisterrá Norte [F. Fernández Rei (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*; Xerais, Vigo, p. 38] e, polo tanto, acusa o seseo ó completo, tanto o implosivo coma o explosivo. Non obstante, coidamos que tal característica dialectal do noso idioma non influíu neste caso –nunhas datas xa bastante avanzadas– no castelán escrito dos escribíans do séc. XIX (repárese en que nunca escriben *Gonsales*, senón *Gonzales*).

maior parte dos apelidos galegos: *Andrea de Lema*, *Manuel dos Santos*, *Simón de Leis*, *Pedro de Alvite*, *Nicolasa de Antelo*, *Miguel do Gando*, *Rosa do Canto*, *Antón do Monte*, etc., van pasar, por obra e gracia dos escribáns do segundo tercio do XIX, a ser: *Andrea Lema*, *Manuel Santos*, *Simón Leis*, etc. Non cabe dúbida de que tal artificial e caprichosa amputación privou ós nosos patronímicos de parte do seu selo distintivo galego: ¿non vai sendo hora de que se recupere agora o perdido?

Hai apelidos que tamén se traduciron sistematicamente, xa por obra do escribán, xa polo propio interesado. Xa falamos da persistencia turróna dun presbítero de finais do XVIII e principios do XIX en asinar como *Benito Reguera*, en tanto que o escribán lle mantiña no texto das partidas o seu auténtico e transparente *Regueira* (véxanse os doc. 6 e 7). En 1860 nunha partida aparece unha madriña chamada *María da Fonte*, e no reverso do folio transformárona por arte de maxia en *María da Fuente*, pois igual a xente non entendía... (Libro 3º de Bautizados de Berdoias, fol. 18 aº e rº). Por 1842 houbo un frustrado intento de pasa-lo apelido *Vilarnobo* a *Villarnobo* (Libro 3º, fol. 80, rº). Por 1849 fábase dunha avoa materna chamada *Casimira do Outeiro* (Libro 3º, fol. 101, aº), unha das últimas “reliquias” —seguramente, deste apelido tan galego, de clara orixe toponímica, hoxe completamente desaparecido (traducíronse todos, sistematicamente, a *Otero*, coma se nos invadisen durante o século pasado centos de familias castelás deste apelido). Moito antes, xa no séc. XVIII, moitos *Romeu* deberon pasar a *Romero*.

Habería que falar tamén da convivencia das formas seseantes e ceceantes (*Sendón* e *Cendón*). Sobre a orixe do apelido *Rey* amosamos un documento moi diáfano nos apéndice documentais: puxéronllo no hospicio de Santiago a un neno de pai e nai descoñecidos (doc. 13).

Finalmente, cómpre dicir que ata o segundo tercio do séc. XIX as fillas non tomaban o apelido do pai, senón o da nai. Quizais as reformas liberais destes anos tivesen moi que ver con estes cambios máis racionais. E tamén coa acentuación da castelanzación..., que se viu incrementada polos gobernos liberais barbaramente uniformadores.

## BIBLIOGRAFÍA Á QUE SE FAI REFERENCIA

Arquivo parroquial de Berdoias (A Coruña): *Libro 1º de Bautizados* (1607-1746), *Libro Nuevo [2º] de Bautizados* (1746-1818), *Libro 3º de Bautizados* (1819-1855), *Libro 4º de Bautizados* (1854-1899).

Ferro Ruibal, X. (dir.) (1992): *Diccionario dos Nomes Galegos*; Ir Indo, Vigo.

Lema Suárez, X. M<sup>a</sup> (1991): “Interferencias lingüísticas do galego no castelán de Galicia dos Séculos Escuros. Algunhas calas nunha comarca rural: a Terra de Soneira”, *Cadernos de Lingua* 3, pp. 111-133.

— (1992): “Os nomes de persoa dunha parroquia rural galega: Berdoias (1607-1760)”, *Cadernos de Lingua* 8, pp. 117-134.

Martínez-Barbeito, C. (1986): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*; Everest, León.



Saavedra, P. (1991): "O papel da Igrexa na evolución da Galicia moderna", *A Trabe de Ouro* 8, pp. 29-48.

— (1994): *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*; Crítica, Barcelona (trátase da versión castelá, corrixida e aumentada, de *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*; Universidade, Santiago de Compostela, 1992).



## APÉNDICE DOCUMENTAL

### DOC. 1: UNHA PARTIDA NORMAL DE NACEMENTO DO SÉC. XVIII

Ano 1778.

(á marxe: “*Pedro*”).

“En la fir<sup>a</sup>. de Sn. Pedro de Verdoyas a dos días deel mes de maio de este año de mil siete cientos setenta y ocho yo Dn. Fran<sup>co</sup>. Paz Presuitero vecino de la fir<sup>a</sup>. de Sn. Martin del Son [Ozón] con lizencia de Dn. Fran<sup>co</sup>. Garcia cura proprio baptize solemnem<sup>te</sup>. y puse los santos oleos aun niño hijo de Marcos de Leis natural del lugar de Verdoyas y de Fran<sup>ca</sup>. de Lema su muger becinos de dho, lugar y fir<sup>a</sup>. de Verdoyas pusele por nombre Pedro fue Padrino Pedro Barrientos del lugar de Grijoa de dha. fir<sup>a</sup>. a quien aduerti el espiritual parentesco y la obliga<sup>on</sup>. de enseñarle la doctrina Xptiana., nacio el dia anteced[ent]e y p<sup>a</sup>. que conste lo firmo con el cura dia ut supra = [sinaturas: Francisco Garzia, Francisco Antonio Paz].

(*Libro Nuevo [2º] de la Iglesia Parroquial y feligresia de Sn. Pedro de Berdoyas, 1746-1818, fol. 76, rº*).

### DOC. 2: O VISITADOR PASTORAL ORDENA POÑE-LOS NOMES DOS AVÓS NAS PARTIDAS

“Visita del año de 1778

En la felig<sup>a</sup>. de Sn Pedro de Berdoyas a primero de Ag<sup>to</sup>. del año de mil setez<sup>s</sup>. setenta y ocho, el Sr. Liz<sup>do</sup>. Dn. Miguel Campo Quevedo Visitador general deeste Arzobispado pr. el Illm<sup>o</sup>. Sr. Dn. Fran<sup>co</sup>. Alexandro Boca Negra Arzobpo. y Sr. de S<sup>to</sup>. del Consejo y continuando su Visita general y personal la hizo de este libro y partidas de Baptizados las que por hallarse con la debida formalidad aprueba en quanto pueda y haia lugar y preuiene que alo sucesiuo en las que se ofrescan el cura exprese los nombres delos Abuelos paternos y maternos y sus vecindades pena de dos ducados en que su mrd. [merced] le declara incurso y aplica a la fabrica por cada vez y partida en que omitiese esta circunstancia los que se entreguen al maiordomo Fabriquero y de ellos se le haga cargo en las quantas que diere (...).”

(*Id*, fol. 77, aº).

### DOC. 3: UNHA PARTIDA DE NACEMENTO NORMAL DESPOIS DE 1778

1793.

(á marxe: “Verdoyas/ Carlos Ant<sup>o</sup>/ de/ Gregorio de Pazos”)

“En la Parroquial ygl<sup>a</sup>. de Sn. Pedro de Verdoyas a quatro días del mes de noviembre año de mil siete<sup>os</sup> noventa y tres, yo Dn. Benito Regueira [sic] Prbo. de licencia de dn. Josef M<sup>a</sup> Suarez Rioboo Ror. y Cura propio de ella baptice solemnemente i puse los

Santos oleos en el mismo dia qe. nacio aun Niño hijo legitimo del Matrimonio de Gregorio de Pazos natural deesta fra. y de Pasqua de Camaño su muger natural de la de Santiago de Verdeogas y vz<sup>os</sup>. de ella. es nieto pr. su Padre de Manuel de Pazos y Paula Blanco su muger naturales y vz<sup>os</sup>. dela dha. de Verdoyas, y pr. su Madre de Manuel Camaño y Josefã Camaño su muger dela dha. de Verdeogas pusele nombre Carlos Ant<sup>o</sup> fueron sus Padrinos Fran[cis]co de Pazos tio paterno y Maria Ant<sup>a</sup>. de Lema de esta vecindad a q[uie]nes declare Parent[es]co i mas obligaciones i para qe. conste lo firme con el R[ect]or al dia mes i año de arriba.” [asinado: Dn. Josef M<sup>a</sup> Suarez Rioboo e Benito Reguera [sic]].  
(*Id*, fol. 141, a<sup>o</sup>).

**DOC. 4: NAI SOLTEIRA MANTÉN UN CONTENCIOSO CUN HOME CASADO, POR NEGAR ESTE A PATERNIDADE DA FILLA DELA**

1767.

(á marxe: “Andrea/ Berdoias”)

“En la yglesia Parroquial de San Pedro de Berdoias a ocho dias del mes de Junio año de mil seteci<sup>os</sup>. sesenta y siete yo Dn. Miguel Anguel [sic] Vermudez cura Rector deesta fr<sup>a</sup>. y de la de San[tiag]o de Berdeogas prinsipal y anexo bautisé solemnemente y puse los santos oleos a una niña, e. nasio la noche antes hixa natural de Ana do santos soltera hixa lexitima de Petronila do santos viuda vez<sup>na</sup>. deel lugar y fr<sup>a</sup>. de Berdoyas; ss<sup>te</sup>. quien es el Padre dela niña tiene atualmente la dha. Ana do santos question, y (...?) pendencia ante la Justi<sup>a</sup>. dela Jurizdi<sup>on</sup>. de Bimianso con Andres Romeu casado y Juez pedaneo dela misma fr<sup>a</sup> de Berdoias y dela de Sn. Martin de Castrelo, pusele n[omb]re Andrea: fue su padrino yn solidum Antonio de Albores casado y vez<sup>o</sup> del zitado lugar y fr<sup>a</sup> de Berdoias, aduertile su obliga<sup>on</sup> y parentesco y p<sup>a</sup> q. conste lo frimé [sic] ut supra”.  
(*Id*, fol. 48, r<sup>o</sup>).

**DOC. 5: FILLA NATURAL DESPOIS “LEXITIMADA” POLO CASAMENTO DOS PAIS**

1797.

“En la Parroquial ygl<sup>a</sup>. de Sn. Pedro de Verdoyas a diez i seis dias del mes de octubre de mil siete<sup>os</sup>. noventa y siete yo Dn. Andres de Leis Presbo. de licencia de Dn. Josef M<sup>a</sup>. Suarez Rioboo cura de ella y de la de Santiago de Verdeogas baptice solemnemente i puse los santos oleos al otro dia qe. nacio a una niña hija de Juana de Lema soltera natural i vezina de esta fr<sup>a</sup>. su Padre incognito es nieta pr. su Madre de Antonia de Lema de la misma vecindad tambien su Abuelo incognito pusele n[omb]re Maria Ant<sup>a</sup>. fueron sus Padrinos Andres de Lema y Antonia de Lema dela misma vecindad ...”

[escrito á marxe con distinto tipo de letra: “Esta niña se legitimó pr. el matrimonio de Pedro Dominguez su Padre con la Juana de Lema su Madre, y consta en el Libro de Casados al folio tr<sup>a</sup>. y dos”].

(*Id*, fol. 158, a<sup>o</sup>).

**DOC. 6: DOMINGO, FILLO *LEXÍTIMO* DE FRANCISCA VARELA, VIÚVA DE VIVO (MARIDO AUSENTE EN MADRID).  
O PRESBÍTERO B. REGUEIRA CASTELANIZA O SEU APELIDO**

1797.

(á marxe: “Grixoa/ Dom<sup>o</sup>. de/ Fran<sup>ca</sup>. Varela”).

“En la Parroquial ygl<sup>a</sup>. de Sn. Pedro de Verdoyas a trece dias del mes de febrero año de mil siete<sup>os</sup>. noventa y siete yo Dn. Benito Regueira [sic] Prbo. de licencia de Dn. Josef M<sup>a</sup>. Suarez Rioboo cura propio de ella baptice solemnemente i puse los santos oleos al otro dia qe. nacio aun niño hijo legitimo de Francisca Varela muger de Tomas Barrientos ausente en la Villa de Madrid naturales y vz<sup>a</sup>. aquella de esta de Verdoyas es nieto pr. su madre de Dom<sup>o</sup>. Lopez y Maria Varela naturales y vez<sup>os</sup>. de esta citada fr<sup>a</sup>. i lugar de Grixoa de ella, pusele nombre Domingo, fueron sus padrinos Dom<sup>o</sup> Vi-larnobo y Florencia Varela de esta vecindad... (asinado: Dn. Josef M<sup>a</sup>. Suarez Rioboo, Benito Reguera [sic]).

(*Id*, fol. 155, a<sup>o</sup>).

**DOC. 7: SEGUNDO FILLO DE FRANCISCA VARELA EN AUSENCIA DO SEU MARIDO (XA NON SE ESPECIFICA SE É *LEXÍTIMO* OU NON); PADRIÑOS: OS SEUS TÍOS ¿PATERNOS?**

1798.

(á marxe: “Grixoa/ Matias/ de/ Fran<sup>ca</sup>. Varela”)

“En la Parroquial Yglesia de Sn. Pedro de Berdoyas a veinte y un dias del mes de Junio año de mil setecientos noventa, y ocho yo dn. Benito Regueira [sic] Pr[esbiter]o de licencia de dn. Jose Maria Suarez Riobo Cura propio de ella y dela de Stiago de Berdeogas baptizé solemnemente y puse los Santos oleos al otro dia qe. nacio a un Niño hijo de Francisca Varela muger de Thomas Barrientos ausente, es nieto pr. su madre de Domingo Lopez y Maria Varela su muger naturales, y vecinos dela citada de Berdoyas, pusele nombre Mathias fueron sus padrinos Mathias Barrientos, y Florencia Varela su muger de esta vecindad a quienes declaré lo necesario, y para qe. conste lo firmé con el Rector al dia, mes, y año de arriva”. (asinado: Dn. Josef M<sup>a</sup> Suarez Rioboo, Benito Reguera [sic]).

(*Id*, fol. 160, r<sup>o</sup>).

**DOC. 8: OUTRA PATERNIDADE BEN DUBIDOSA..., E O ESPOSO NON ESTABA EMIGRADO**

1798.

(á marxe: “Pena del Frade/ Maria/ de/ M<sup>a</sup>. Peres”).

“En la Parroquial yglesia de Sn. Pedro de Verdoyas a veinte y cinco dias del mes de Marzo año de mil siete[cient]os noventa y ocho yo Dn. Josef M<sup>a</sup> Suarez Rioboo cura propio de ella y dela de Santiago de Vergeogas baptice solemnemente i puse los santos oleos en el mismo dia que nacio a una Niña hija de Maria Peres Muger de Francisco de Lema vz<sup>os</sup>. de esta fra., y natural la Maria Peres de St<sup>a</sup>. Maria de Brandañas es nieta pr. su Madre de Blas

Moledo y Agueda Peres naturales i vez<sup>os</sup>. de la citada de Brandañas pusele nombre Maria fieron sus Padrinos Felipe de Lema y Andrea Sanches de esta vecindad ...”  
(*Id.*, fol.159, r<sup>o</sup>).

### DOC. 9: BAUTISMO DUN NENO EXPÓSITO

1799.

(á marxe: “Angel/ Verdoyas”).

“En la Parroquial yglesia de Sn. Pedro de Verdoyas a catorce días del mes de octubre año de mil siete[cient]os noventa y nueve yo Dn. Bernardo de Leis y Romero de licencia de Dn. Josef M<sup>a</sup> Suarez Rioboo cura propio de ella y de la de Santiago de Berdeogas baptice solemnemente i puse los santos oleos a un Niño de Padres incognitos qe. se hallo la mañana de hoy ala puerta de Angel Cantorna v<sup>o</sup> de esta dha. de Verdoyas, pusele nombre Angel fue su Padrino el mismo Angel Cantorna quien...”

(*Id.*, 175, r<sup>o</sup>).

### DOC. 10: OUTRO NENO EXPÓSITO: ¿NON OS ADOPTA NINGUÉN?

1806.

(á marxe: “Verdoyas/ Angel/ Espósito”)

“En la Parroquial ygl<sup>a</sup> de Sn. Pedro de Verdoyas a treinta y un días del mes de D[iciemb]re año de mil ochoc[ient]os seis yo Dn. Pedro de Leis Prsbo. Patrimonial de ella de orden de Dn. Josef M<sup>a</sup> Suarez Rioboo R[ect]or propio de la misma y su principal baptice solemnemente i puse los Santos oleos a un Niño qe. se halló al amanecer de este día ala puerta de Dom<sup>o</sup>. Ant<sup>o</sup>. Peres v<sup>o</sup>. de esta fr<sup>a</sup>. pusele nombre Angel fueron sus padrinos Angel de Lema y Tomasa Patiño de esta vecindad...”

(*Id.*, 194, r<sup>o</sup>).

### DOC. 11: UN NENO RECIBE O NOME DO SANTO DO DÍA (*SILBESTRE*) EN QUE RECIBE O BAUTISMO (O MESMO DÍA E ANO CÓ BAUTIZADO ANTERIOR)

1806.

(á marxe: “Grixoa/ Silbestre/ de/ Ramón/ Pazos”)

“En la Parroquial ygl<sup>a</sup> de Sn. Pedro de Verdoyas a treinta i un días del mes de D[iciemb]re de mil ochoc[ient]os y seis yo Dn. Pedro de Leis ... baptice solemnemente i puse los Santos oleos al otro día qe. nacio a un Niño hijo legítimo de Ramon de Pazos y Leocadia Brenlle su Muger naturales i v<sup>os</sup>. de esta fra. es nieto por su Padre de Christoval de Pazos y Maria Rodrig[ue]z su Muger i por su Madre de Juan Romero y Maria Brenlle aora difunta naturales i v<sup>os</sup>. de esta dha de Verdoyas, pusele nombre Silbestre fueron sus padrinos Gregorio Romero y Ana Rodriguez de esta vecindad...”

(*Id.*, fol. 195, a<sup>o</sup>).

**DOC. 12: JOSÉ SILBESTRE RECIBE O PRIMEIRO NOME DO PADRIÑO E O SEGUNDO DO SANTO DO DÍA DO SEU BAUTISMO (É FILLO DE NAI SOLTEIRA)**

1841.

(á marxe: “Lugar da Bouza/ José Silbestre, h<sup>o</sup>/ natural de Teres/ Santos/ Murió en 27 de/en<sup>o</sup> de 1842)

“En la Yglesia Parroquial de San Pedro de Berdoyas a treinta y un dis del mes de Diziembre año de mil ochocientos cuarenta y uno; yo el Infra escrito cura economo de esta Ygl<sup>a</sup>. y su principal la de Santiago de Berdeogas bautizé solemnemente a un niño hijo natural de Teresa Santos, soltera, y vecina en esta parroquia y lugar da Bouza de ella = ignoranse su Padre y Abuelos Paternos, y Maternos lo son, Manuel Santos, y Casamira [sic] do Outeiro, Difuntos y vecinos que fueron dela parroquia de Sn. Juan de Cambeda = pusele nombre al niño José Silbestre = fueron sus Padrinos José Perez y Santos, y su muger Florencia Lema de esta parroquia ...”

(*Libro 3<sup>o</sup> de Bautizados de Sn. Pedro de Berdoyas*, 1818-1855, fol. 78, r<sup>o</sup>)

**DOC. 13: APELIDO REY PARA UN NENO DO HOSPICIO**

1842.

[á marxe: “Grigoa/ Andres, h<sup>o</sup> de/ Manuel Rey]

“En la Yglesia Parroquial deSn. Pedro de Berdoyas a veinte y cuatro días del mes de Agosto año de mil ochocientos cuarenta y dos, yo el Ynfrascrito cura economo de esta Yglesia ... bauticé solemnemente y puse los Santos oleos al segundo dia en que nació a un niño, hijo Lex<sup>mo</sup>. del matrimonio de Manuel Rey y su muger Rosa Villarnobo [sic], esta natural y vecina del lugar de Grigoa [sic] de esta misma parroquia, y aquel aparecido en la Inclusa nacional dela Ciudad de Santiago; ignoranse los Abuelos Paternos, y maternos los son Antonio Vilarnobo [sic] Difunto, y su muger Benita Gonzalez vecinos de aquel referido lugar de Grigoa, pusele nombre al niño Andres = fueron sus Padrinos Andres Vilarnobo [sic] de estado soltero y tio materno, y Elena Paz tambien soltera vecinos de esta referida parroquia...”

(*Id*, fol. 80, r<sup>o</sup>)

**DOC. 16: UNHA VIÚVA DE VIVO (EMIGRADO NO BRASIL DESDE HABÍA CINCO ANOS) DÁ A LUZ UNHA FILLA**

1840.

(á marxe: “Lugar de Berdoyas/ Juana, h<sup>a</sup> natural de/ Mariana Espasandin./ Murio Parvula”)

“En la Yglesia parroquial de Sn. Pedro de Berdoyas a diez y nueve días del mes de En<sup>o</sup>. el año de mil ochocientos y cuarenta, yo el ynfrascrito Cura Ecónomo de esta y su Pr[incip]al, bauticé solemnemente y puse los santos oleos al otro dia en que nació a una niña hija natural de Mariana Espasandin, esta muger lexitimamente casada con

Manuel Suarez vecinos de esta parroquia, y su marido ausente pasa de cinco años en el Brasil a distancia de esta segun voz comun de trescientas leguas; pusele nombre a la niña Juana Manuela, fué su madrina in solidum Juana Martinez, casada y vecina dela parroquia de Sn. Tiago de Berdeogas...”

(*Id.*, 71, aº)

**DOC. 17: O FUTURO PRESBITERO SIMÓN MANUEL DE LEIS Y LEMA RECIBIU O SEU NOME DO SANTO DO DÍA EN QUE O BAUTIZARON (TÓDOLOS FUTUROS SIMÓN DA PARROQUIA LLE DEBERÁN A EL O SEU NOME)**

1802

(á marxe: “Verdoyas/ Simon/ Manuel/ de/ Fran<sup>co</sup>./ de / Leis”)

“En la Parroquial Ygl<sup>a</sup> de Sn. Pedro de Verdoyas a veinte y ocho dias del mes de octubre año de mil ochocientos i dos yo Dn. Benito Regueira Prsbo. de lizencia del infra escrito cura propio deella baptice solemnemente i puse los Santos Oleos al otro día qe. nacio a un Niño hijo legitimo del matrimonio de Fran[cis]co de Leis, natural de Sn. Zipriano de Villaestose i de Maria de Lema su muger natural i vz<sup>o</sup>s. de esta de Verdoyas es nieto por su Padre de Pedro de Leis e Ynes Peres su muger naturales i vez<sup>o</sup>s. de la citada de Villaestose, i por su Madre de Manuel de Lema y Antonia de Lema su Muger naturales vz<sup>o</sup>s de esta de Verdoyas pusele nombre Simon Manuel fueron sus Padrinos los mismos Manuel e Antonia de Lema Abuelos maternos...”

(*Libro Nuevo* [2º]..., fol. 183, rº-184, aº).

**DOC. 18: O PRESBITERO –OFICIANTE DE BAUTISMOS– SIMÓN MANUEL DE LEIS TRANSMITE OS SEUS NOMES Ó BAUTIZADO (E NON OS PADRIÑOS OU OS PAIS)**

1838.

(á marxe: “Berdoyas/ Simon Manuel, hº de Manuel Albores”)

“En la parroquial Iglesia de Sn. Pedro de Berdoyas á seis dis del mes de Abril el año de mil ochocientos treinta y ocho, el ynfraescrito cura economo de esta, y su Pr[incip]al la de Sn. Tiago de Berdeogas, correspondiente ala Prob<sup>a</sup>. dela Coruña, Arzobispado de Santiago, bautize solemnemente y puse los santos oleos al otro día en que nacio, aun niño, hijo Lexmo. de matrimonio de Manuel Albores y su muger Rafaela Paz, naturales y vecinos de esta parroquia y referida Prov<sup>a</sup>., y de oficio Labradores: sus Abuelos paternos Domº. Antonio Albores y su Difunta muger Benita Perez, de oficio Labradores y de esta referida parroq<sup>a</sup>., y Maternos Vicenta Paz, de estado soltera, y abuelo desconocido; sele puso por nombre al niño Simon Manuel = fueron sos Padrinos, Domingo Antonio Albores Abuelo paterno, y Andrea Perez, Viuda, y vecina de la parroquia de Sn. Martin de Ozon, en esta referida Prov<sup>a</sup>. y Arzobispado; siendo a todo ello testigos José Perez, Carpintero, y su hijo José, vecinos de esta parroquia...”

(*Libro 3º de Bautizados*..., fol. 60, rº).

**DOC. 19: UN ALTO ECLESIAÍSTICO COMPOSTELÁN VEN OFICIAR UN BAUTISMO A BERDOIAS: ¿BAUTIZADO DE FAMILIA ILUSTRE?**

1851.

(á marxe: Berdoyas/ Ramon Joa/quin Manuel/ Caamaño/ hº de/ Bonifacio,/ y Maria Lema”).

“En la iglesia parroquial de San Pedro de Berdoyas a diez y ocho de Setiembre de mil ochocientos cincuenta y uno, el Doctor Don Ramon Francisco Caamaño, del Gremio y Claustro y Regente de primera clase en la facultad de jurisprudencia de la Universidad Literaria de Santiago, Licenciado en Sagrados Canones, Abogado de los tribunales Superiores de España, Ecsaminador Sinodal del Arzobispado, Rector propio de Santa Maria la Antigua dela Corticela de Compostela, con licencia espresa de Dn. Manuel Romero Abad, Parroco de la referida y de su principal Santiago de Berdeogas en el arziprestazgo de Nemancos, Provincia dela Coruña, baptizé solemnemente, y puse los Santos oleos á un niño qe. nacio a las ocho de la noche del dia antecedentes, hijo de legitimo matrimonio de Bonifacio Caamaño, natural de San Juan de Cambeda y de Maria Lema, natural y vecinos ambos de la de Berdoyas; abuelos paternos Benito Caamaño y Lucia Sanchez difuntos naturales de Cambeda: maternos, Andres Lema y Josefa Cantorna difuntos, naturales dela de Berdoyas; pusele pr. nombre Ramon Joaquin Manuel: fue su padrino insolidum Manuel Pazos, vecino de Berdoyas, a quien adverti el parentesco espiritual y mas obligaciones, qe. previene el ritual Romano. Presenciaron el acto sagrado el Licenciado D. Joaquin Alvarez y Cedron, Abogado de los tribunales nacionales, vecino de San Pedro del Allo, y José Perez dela referida de Berdoyas. Y para que conste lo firmo con el Sr. Cura.” (seguen as sinaturas de: Manuel Romero e Dr. D. Ramon Francisco Caamaño).

(*Id.*, fol. 109 aº e rº, 110 aº).